



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Veterinaria

Curso Académico: Curso 2020-2021

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

- Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
- Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [GrV-AM-22](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Finalizadas Curso 2020-2021
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [GrV-AM-1](#)
 - [GrV-AM-2](#)
 - [GrV-AM-3](#)
 - [GrV-AM-4](#)
 - [GrV-AM-5](#)
 - [GrV-AM-6](#)
 - [GrV-AM-7](#)
 - [GrV-AM-8](#)
 - [GrV-AM-9](#)
 - [GrV-AM-11](#)
 - [GrV-AM-13](#)
 - [GrV-AM-14](#)
 - [GrV-AM-15](#)
 - [GrV-AM-16](#)
 - [GrV-AM-17](#)
 - [GrV-AM-18](#)
 - [GrV-AM-19](#)
 - [GrV-AM-20](#)
 - [GrV-AM-21](#)
 - [GrV-AM-24](#)
 - [GrV-AM-25](#)
 - [GrV-AM-26](#)
 - [GrV-AM-28](#)
 - [GrV-AM-29](#)
 - [GrV-AM-30](#)

- [GrV-AM-31](#)
- [GrV-AM-32](#)
- [GrV-AM-33](#)
- [GrV-AM-34](#)
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [GrV-AM-10](#)
 - [GrV-AM-12](#)
- Criterio 4 - Recursos humanos
- Criterio 5 - Recursos materiais
 - [GrV-AM-27](#)
- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - [GrV-AM-23](#)
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Veterinaria
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Veterinaria
Centro/s onde se imparte	Facultade de Veterinaria
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	300 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	11/07/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que Veterinaria é unha profesión regulada, o perfil formativo do título debe rexerse por unha normativa específica que condiciona o plan de estudos. A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e é coherente co título deseñado.

De conformidade co artigo 24.2 do citado Real Decreto, o título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela someteuse ao proceso de renovación da acreditación durante o ano 2017 (7 anos despois da súa Verificación). Analizado o informe de carácter favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Consello de Universidades a través da súa Comisión de Verificación e Acreditación, na súa sesión do día 11 de xullo de 2017, resolveu "Renovar a acreditación do título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela".

Esta proposta adáptase plenamente ao disposto na Directiva Europea 2005/36/EC, trasposta á normativa española no RD 1837/2008, que regula os estudos de Veterinaria na contorna da Unión Europea, a cal esixe que os Plans de Estudo teñan unha duración mínima de 5 anos durante os que se cursen obrigatoriamente toda unha serie de materias dos tres perfís profesionais (Medicina e Sanidade, Producción Animal e Economía, así como Bromatoloxía, Sanidade e Tecnoloxía dos Alimentos). Desde a implantación do título, a Directiva Europea 36/2005/ EC foi levemente modificada por unha nova Directiva Europea 2013/55/UE, cuxo contido non esixiu cambios no deseño inicial do plan de estudos, pois este mantén plena vixencia en canto aos coñecementos e capacidades necesarias para a formación do veterinario descritos na nova normativa.

Por outra banda, as Facultades de Veterinaria en Europa poden someterse a un sistema de visitas e avaliacións periódicas levado a cabo pola EAEVE (European Association of Establishments for Veterinary Education) en coordinación coa FVE (Federation of Veterinarians of Europe), cuxo principal obxectivo é comprobar o cumprimento e a harmonización dos estándares descritos para a docencia veterinaria segundo a Directiva Europea 2005/36 e as súas modificacións. O sistema de avaliación e acreditación consiste en someter ás facultades asociadas a un rigoroso exame externo cada 7 anos, o cal determina se o centro reúne ou non os requisitos mínimos de calidade e se se adecúa ou non á Directiva 2005/36/EC e as súas modificacións. A Facultade de Veterinaria foi avaliada en setembro de 2018, acadando una avaliación positiva condicionada á corrección dunha deficiencia principal referente á "insuficiente práctica clínica nalgunhas especies animais especialmente equino e porcino e seguridade e calidade de alimentos de orixe porcino". A visita de re-avaliación tras adiarase como consecuencia das medidas de prevención adoptadas ante a situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, tivo lugar o 28 a 29 de abril de 2021, acadándose a avaliación positiva definitiva.

En canto ao interese académico, científico e profesional seguen vixentes as condicións que o avalan desde o momento do deseño e implantación do novo plan de estudos.

Interese académico:

Un bo indicador do interese do Grao é a "Taxa de Preferencia da Titulación", definido como a relación porcentual entre o número de estudantes que elixen un grao en primeira opción e o número de prazas ofertadas nese grao. Como se mostra na seguinte táboa, segundo os datos publicados polo Ministerio de Educación y Formación Profesional, o Nivel de Preferencia da Titulación no Grao de Veterinaria da USC, no curso 2020-21, foi do 663,6%, o que indica que por cada praza ofertada se preinscriben 6,63 estudantes en primeira opción. O valor deste indicador sufriu un incremento considerable con respecto ao curso anterior e incluso respecto aos 5 anos anteriores, mantense polo tanto, en cifras moi aceptables (máis de

3 veces o valor medio correspondente ao total de titulacions da USC).

Facultade de Veterinaria -Universidade de Santiago de Compostela			
Curso académico	Número de prazas ofertadas	Preinscritos en primeira opción	Taxa de preferencia da Titulación (Indicador de Demanda)
2016-17	110	661	600,91%
2017-18	110	549	499,09%
2018-19	110	553	502,73%
2019-20	110	512	465,50%
2020-21	110	730	663,60%

(fonte:http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaJaxiPx/Tabla.htm?path=/Universitaria/EUCT/Serie/Preinsc/Preinscripcion//I0/&file=Preinscripcion_Univ_Amb.px)

No curso académico 2020-21, a “Taxa de Ocupación” (IN12G), definida como a relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G) e o número de prazas ofertadas(INO1G), alcanzou un valor moi próximo ao 100% (110 prazas ofertadas e 111 estudantes matriculados por preinscripción), indicando que o proceso de admisión esta a funcionar adecuadamente.

Curso académico	Número de prazas ofertadas (IN01G)	Matrícula (IN02G)	Matrícula de acceso (IN03G)	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN04G)	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN05G)	Taxa de ocupación (IN12G)
2016-17	110	673	101	101	- 4,67	91,81%
2017-18	110	681	122	114	+ 11,76	103,64%
2018-19	110	690	122	114	0,00	103,64%
2019-20	110	679	115	108	- 5,26	98,18%
2020-21	110	667	117	111	2,78	100,91%

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, como se mostra na seguinte táboa, os datos indican que a demanda para cursar o Grao en Veterinaria na USC supera amplamente o ámbito da Comunidade Autónoma (indicadores IN08G e IN09G). A porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia supera o 50% do total do alumnado matriculado e mantense estable nos 4 últimos cursos.

Curso académico	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Estudantes nacionais de fóra de Galicia (%) – (IN09G)	47,40	49,49	50,14	50,96	49,78
Estudantes estranxeiros (%) – (IN08G)	3,12	2,79	3,48	4,12	3,90
Estudantes de Galicia (%)	49,48	47,72	46,38	44,92	46,32

Interese científico e profesional:

A vixencia do interese científico e profesional da titulación de Veterinaria está avalada polo documento marco da FVE acerca da estrutura profesional veterinaria (<https://www.fve.org/cms/wp-content/uploads/Regulating-of-the-veterinary-profession.pdf>), o recoñecemento por parte da Organización Mundial da Saúde (OMS) do Veterinario como profesional sanitario (<https://www.who.int/es>), o recoñecemento que a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO) fai do Veterinario como profesional agrario (<http://www.oie.int/es/>), así como a insistencia da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) no fortalecemento dos servizos veterinarios oficiais (<http://www.fao.org/home/es/>).

De acordo con estes avais, o veterinario perfílase como un elemento clave no armazón sanitario e agrario de calquera sociedade, podendo desenvolver o seu traballo en diferentes niveis do sector público e privado.

En abril de 2015 a FVE publicou unha macroenquisa realizada sobre 13.000 veterinarios en 24 países da UE, que permite comparar os datos demográficos, o mercado de traballo e os indicadores financeiros da profesión veterinaria en Europa (<https://www.fve.org/publications/survey-of-the-veterinary-profession-in-europe>). Unha das súas conclusións finais recollida no sumario desta publicación, afirma que no futuro serán necesarios máis veterinarios nas áreas de benestar animal, control de enfermidades e medio ambiente, así como para cubrir as crecentes demandas dos propietarios de animais de compañía e animais exóticos.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Veterinaria implantouse de acordo coa memoria do título verificada.

Durante o curso 2020-21, respectouse o indicado na memoria en canto ás competencias que deben adquirir os estudantes así como ao desenvolvemento das actividades académicas, ás metodoloxías docentes aplicadas e aos sistemas e criterios de avaliación. As guías docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos foron publicadas na páxina web institucional do centro antes do inicio do período de matrícula. Nelas atópase recollida toda a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e distribución temporal de tarefas, sistemas e criterios de avaliación, etc.

<https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias-saude/grao-veterinaria>

As guías docentes de todas as materias foron revisadas polos departamentos, e a Comisión de Calidade do centro antes de ser aprobadas en Xunta de Facultade e publicadas na páxina web, para asegurar que cumpren o establecido na memoria do título.

Durante o curso 2020-21 seguíronse as recomendacións sanitarias para o establecemento de grupos de docencia, intentando en todo momento manter a presencialidade no máximo posible. No primeiro semestre a docencia expositiva foi presencial para os cursos de primeiro e quinto, e telemática para segundo, terceiro e cuarto. No segundo semestre a docencia expositiva pasou a ser totalmente presencial, excepto a primeira semana por decisión da Xunta de Galicia. En canto ás clases prácticas, parte delas foron presenciais e outra parte semipresenciais, cumprindo o contemplado no escenario dous do plan de continxencia de cada materia, en función do espazo dispoñible e a posibilidade de manter a distancia interpersoal. Restablecéronse, tamén, as reunións de valoración e de coordinación semestrais, nas que se valora a actividade docente pasada e se coordinan as actividades non presenciais futuras. Nestas reunións participan os coordinadores das materias, os coordinadores de semestre, a Coordinadora do Título, a Vicedecana de Calidade, o Vicedecano de Organización Académica e os delegados dos cursos.

O tamaño dos grupos para as distintas actividades formativas realizadas durante o curso 2020-21 axustouse ao indicado na Planificación Académica Anual da Universidade

<https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/normativapaa.html>

Con todo, a realidade apártase dos valores medios e debe ser tida en consideración como contorna de traballo para cada curso académico. Así, as actividades interactivas reais no grao e o tamaño dos grupos que vén establecido pola normativa de xestión académica que manexa o SXOPRA para toda a USC é o seguinte:

- Prácticas de encerado: 80 alumnos/grupo
- Seminarios: 30 alumnos/grupo
- Titorías: 10 alumnos /grupo
- Prácticas de laboratorio, prácticas de campo e prácticas de ordenador: 20 alumnos /grupo, que se reduce a menos de 15 naquelas materias con suficiente capacidade docente mediante a creación de grupos de centro. Os grupos de centro non se reflicten no Plan Docente Anual, pero si no Plan Organizativo Docente.
- Prácticas clínicas non asistenciais e visitas activas: 10 alumnos /grupo
- Prácticas clínicas asistenciais: 7 alumnos/grupo.
- Prácticas externas e TFG: 1 alumno/a.

O indicador IN32G mostra información relativa ao tamaño medio dos grupos de docencia interactiva. Obsérvase unha pequena tendencia á baixa do tamaño dos grupos dende o curso 19-20.

Media de alumnos por grupo de docencia interactiva- (IN32G)					
Curso académico	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grupos de seminario	36,26	34,66	30,89	28,27	26,46
Grupos de laboratorio	20,91	21,98	21,77	19,87	18,39
Grupos clínicos	10,10	9,83	10,23	9,43	9,00
TOTAL	16,76	16,70	16,35	14,94	13,97

Participación do alumnado en programas de mobilidade.

A proporción de alumnos propios que deciden participar en programas de mobilidade é realmente baixa, e móstrase fluctuante ata o 2018-2019 (IN17G). No curso 2020-21 o indicador non está dispoñible, pero datos internos do centro mostran que nese curso participaron 15 estudantes en programas de mobilidade: 4 no programa ERASMUS, 10 no programa SICUE e 1 nos convenios bilaterais, o que indica que se mantén a situación dos cursos anteriores:

IN17G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	3,42	4,11	4,06	-	-

Participación no programa ERASMUS

Alumnado propio	Destino	País
	UNIWEYSYTET PRZYRODNICZY WE WROCLAWIU	Polonia
EESTI MAAÜLIKOOL	Estonia	
UNIVERSIDADE LUSÓFONA DE HUMANIDADES E TECNOLOGIAS	Portugal	
FREIE UNIVERSITÄT BERLIN	Alemaña	
Alumnado alleo	Orixe	País
	UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO	Portugal
	UNIVERSITÀ DI BOLOGNA - ALMA MATER STUDIORUM	Italia
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI TERAMO	Italia
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI TERAMO	Italia
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI TERAMO	Italia
	UNIVERSITÀ DEGLI STUDI DI TERAMO	Italia
	UNIVERSITÀ DI BOLOGNA - ALMA MATER STUDIORUM	Italia

Participación no programa SICUE:

Alumnos propios	Universidade de destino	Alumnos/as	Plazas ofertadas
	Universidad Católica de Valencia San Vicente Mártir	1	2
Universidad Cardenal Herrera-CEU	2	2	
Universidad de Extremadura	2	2	
Universidad de Córdoba	2	2	
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	2	2	
Universidad Complutense de Madrid	1	2	
Universidad Autónoma de Barcelona	0	2	
Universidad de León	0	2	
Universidad de Murcia	0	2	
Universidad de Zaragoza	0	2	
Alumnos alleos	Universidade de orixe	Alumnos/as	Plazas ofertadas
	Universidad Católica de Valencia San Vicente Mártir	2	2
	Universidad Cardenal Herrera-CEU	0	2
	Universidad de Extremadura	0	2
	Universidad de Córdoba	1	2
	Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	0	2
	Universidad Complutense de Madrid	1	2
	Universidad Autónoma de Barcelona	0	2
	Universidad de León	2	2
	Universidad de Murcia	0	2
	Universidad de Zaragoza	0	2

Participación de alumnado propio no programa bilateral:

UNIVERSIDADE DESTINO	País	Alumnos/as
Fundación Universitaria Agraria de Colombia (Uniagraria)	Colombia	1

No caso dos alumnos alleos que nos visitan, a porcentaxe mostra una progresiva diminución como se pode ver cos datos dos últimos cursos (IN18G), moito máis acusada no 2020-21, probablemente como consecuencia das limitacións á mobilidade impostas pola pandemia de COVID-19:

IN18G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	3,42	3,38	2,61	3,09	1,95

Con todo, as porcentaxes son tan reducidas que resulta difícil facer calquera análise de tendencia que poda axudarnos a explicar estas variacións. Porén, a enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade (IN16) dá un valor de 4,20 sobre 5, o que provoca un relativo desconcerto xa que, aínda que quedan satisfeitos coa experiencia, o efecto chamada non parece producirse. Sen embargo, debe terse en conta que o reconto de enquisas respondidas é soamente de dúas.

Cabe aquí considerar as mesmas razóns expostas nos informes anteriores, que consideramos poden axudar a entender estas porcentaxes tan baixas; lamentablemente son situacións de tipo estrutural, polo que non resulta fácil artellar solucións a curto ou medio prazo para intentar variar a tendencia:

- Falta de homoxeneidade dos plans de estudo, especialmente nos cursos superiores, que fai difícil a convalidación de materias.
- Os requisitos para participar nos programas de mobilidade (esencialmente o nº de ECTS cursados á hora de facer a solicitude) reducen as posibilidades de realizar unha estancia precisamente aos últimos anos do título.
- Falta de axudas económicas suficientes, ou total ausencia en función do programa de que se trate.
- Imposibilidade de establecer convenios -por saturación en destino- con universidades do mundo anglosaxón onde o nivel de competencia profesional é máis atractivo para os aspirantes a facer estudos de mobilidade.
- Ausencia de materias impartidas en inglés no noso título, o que favorecería a chegada de alumnos da contorna Erasmus. Esta situación é unha constante nas consultas recibidas cada ano procedentes de alumnos maioritariamente da UE, pero tamén do norte de África e mesmo o sueste asiático.

Para facilitar o intercambio de estudantes con outras facultades de España compre facer unha revisión das táboas de convalidación de créditos elaboradas pola conferencia de decanos que axude a racionalizar as decisións relativas a acordos de intercambio para a situación individual de cada alumno.

Información básica sobre mobilidade e ligazóns ao contido de cada programa na web do Centro:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/mobilidade>

No curso académico 2020-2021 levouse a cabo unha sesión de divulgación de varios alumnos que participaron en programas de mobilidade para que falasen da súa experiencia aos outros alumnos. Espérase que esta acción contribúa a aumentar o interese nos programas de mobilidade e polo tanto repetirase nos seguintes cursos para poder avaliar adecuadamente o seu impacto.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coordinación da actividade semestral

Durante o curso 2020-21, en consonancia co contemplado na prorroga do Plan Estratégico do Centro 2014-18, continuouse traballando na mellora da coordinación-horizontal e vertical, tanto no referente aos contidos e a súa secuenciación temporal, como á distribución das competencias do grao entre as diferentes materias.

A acción de mellora GrV-AM-2 que consistiu na celebración de reunións de coordinación nos semestres para axustar datas de entrega de traballos foi eficaz e manterase en cursos futuros.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/documentacion-sgc>

Nas reunións de valoración semestral valórase o solapamento de contidos, de existir, tómanse medidas correctoras.

Coordinación das Prácticas Tuteladas (Prácticas externas curriculares obrigatorias).

Desde o curso 2014-15 existen coordinadores específicos para as materias de prácticas tuteladas, do mesmo xeito que ocorre con calquera outra materia do plan de estudos. Ademais, o centro conta co Comité de Prácticas Externas dende decembro de 2019, como se recolle no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, que é fundamental para a coordinación destas materias e tivo un papel crítico no desenvolvemento con éxito da acción de mellora GrV-AM-4 que

consistiu na renovación dos regulamentos de prácticas tuteladas. A pesar do seu carácter multidisciplinar e moi diferente do resto, nestas materias a figura do coordinador é clave para resolver todas as cuestións relativas ao desenvolvemento de cada quenda de estancias, levar a cabo a interlocución cos titores profesionais e harmonizar criterios na valoración das memorias que os alumnos deben entregar sobre o traballo realizado.

Como resultado da acción de mellora GrV-AM-7 elaborouse un listado de destinos con todas as institucións coas que hai convenios vixentes (E20) para estas prácticas onde figura unha descrición breve de actividade que axuda aos estudantes a seleccionar o destino e que está dispoñible para os alumnos na intranet do centro. Aínda así os estudantes poden propoñer destinos adicionais nos que realizar as prácticas despois da formalización dun convenio.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Coordinación das Prácticas Externas (Prácticas externas curriculares optativas).

Ao amparo do Real decreto 592/2014 existe a posibilidade de realizar prácticas externas optativas coordinadas polo Vicedecanato de Prácticas externas. Toda a normativa que as regula pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Como se mostra na seguinte táboa, practicamente todo o alumnado egresado no curso 2020-21 realizou prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos acollidos a convenios coa USC (IN22G). En realidade, o 100% dos alumnos egresados realizaron este tipo de prácticas xa que son parte da formación obrigatoria, pero algúns deles no marco dos programas de mobilidade, polo que non se contabilizan neste indicador.

Porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G)				
2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
98,80%	97,89%	100%	97,3%	99,15%

Coordinación da materia Traballo Fin de Grao.

O Título conta cunha comisión específica que se encarga de organizar e coordinar toda a actividade relacionada con esta materia.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/tfg>

Co fin de mellorar a inserción dos nosos estudantes no mercado de traballo, decídese establecer un programa piloto de TFGs coordinados coas prácticas tuteladas. Nesta modalidade, o alumno pode realizar a maioría dos 30 créditos que supoñen as prácticas tuteladas e o TFG nunha mesma empresa, o que proporciona ao alumno máis tempo para coñecer o traballo da empresa en cuestión e, á empresa unha fonte de información valiosa para futuras ofertas de emprego.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Os criterios de admisión de estudantes para o acceso ao ensino superior non son competencia do Centro pois están definidos pola Orde do 24 de marzo de 2011 que regula as probas de acceso aos ensinos oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº66 do 24 de abril de 2011), dado que estas competencias están transferidas ás comunidades autónomas.

O proceso na nosa Comunidade está regulado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG - <http://ciug.gal/>) que aplica os criterios de adecuación e ponderación das diferentes modalidades de acceso ao perfil dos diferentes graos; os ditos criterios axústanse perfectamente aos requisitos e perfil de acceso que describe a memoria do noso título.

Os valores dos indicadores da nota media de acceso por preinscrición (IN06G) e a porcentaxe de estudantes que acceden ao grao con puntuación igual ou superior a seis (IN07G) no curso 2020-21, foron **11,82% e 100%** respectivamente, e reflicten o adecuado nivel formativo do alumnado que accede aos estudos do Grao en Veterinaria. Como se mostra na seguinte táboa, no curso 20-21 mantense un ascenso na nota media de corte, debido, moi probablemente ao incremento na demanda.

Nota media de acceso por preinscrición (IN06G)				
2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
11,18	11,07	11,04	11,11	11,82

Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual o superior a seis (IN07G)				
--	--	--	--	--

2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Sinalar que durante o curso 2020-21 tivo lugar un incremento importante do número de alumnos procedentes de estudos de Formación Profesional ata alcanzar unha porcentaxe significativa dentro do número total de estudantes, tal como se reflicte no **IN03G**-Matrícula de acceso:

IN03G. Matrícula de acceso	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Adaptación desde plans en extinción	0,00	0,00	3,00	0,00	0,00
Continuación de estudos (traslado)	0,00	2,00	0,00	3,00	4,00
Formación Profesional	19,00	24,00	21,00	22,00	31,00
Maiores de 25 anos	2,00	1,00	2,00	1,00	2,00
PAAU	79,00	92,00	92,00	85,00	76,00
Titulados	1,00	2,00	1,00	2,00	2,00
Validación parcial de estudos estranxeiros	-	-	3,00	2,00	2,00
Total	101,00	122,00	122,00	115,00	117,00

Ademais, obsérvase un claro perfil vocacional no alumnado que accedeu ao grao, posto que unha gran maioría elixiu estes estudos en primeira opción. A relación porcentual de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados sobre o nº de prazas ofertadas (IN10G) foi de 95,45% no curso 2020-21, valor que se mantén moi elevado ao longo do tempo, reforzando a idea do gran interese dos futuros universitarios por cursar estes estudos na nosa Facultade.

Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (IN10G)				
2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
83,64%	94,55%	93,64%	90,00%	95,45%

Outro aspecto que reflicte a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título, dedúcese na baixa taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) que acadou un valor 8,43%, en consonancia cos valores acadados nos últimos cursos (excepto 2018-19). O valor da taxa de abandono é significativamente menor que o valor medio deste parámetro na Área de Ciencias da Saúde e no conxunto das titulacións da USC. Por outra banda, a taxa de abandono final definida polo RD 1393/2007 (IN41G) mantense tamén con respecto ao curso anterior, e está por debaixo dos valores medios da Área de Ciencias da Saúde e da USC.

Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Porcentaxe entre o estudiantado de unha cohorte de novo ingreso que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o núm. total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X	7,84%	5,81%	0,00%	7,14%	8,43%

Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior	11,22%	15,53%	13,86%	13,73%	10,47%

En relación coas taxas de abandono hai que ter en conta ademais que cada ano aproximadamente o 50% do alumnado de novo ingreso procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e constatouse que un certo número ao longo dos seus estudos trasladan o seu expediente a facultades máis próximas ao seu lugar de orixe o que incrementa as taxas de abandono, a pesar de que o estudante mantén o seu vínculo co título escollido o que reflicte a coherencia do perfil de ingreso establecido na memoria.

Finalmente, sinalar que se detectou unha demanda de profesionais veterinarios no sector de produción animal que non está cuberta actualmente, posiblemente polo perfil profesional que escollen os egresados. Neste sentido, en conxunción coas accións de orientación profesional durante a titulación, compre facer un análise das preferencias laborais dos novos estudantes, de xeito que podamos instaurar accións para fomentar a captación dun porcentaxe de alumnos interesados no sector produtivo e facer un seguimento do éxito desas accións. Nesta liña de acción a renovación do vídeo de presentación do título para o programa A Ponte (acción de mellora GrV-AM-34 que continúa este ano) visibilizará o papel do veterinario nas producións e contemplanse facer visitas a centros con formación relacionada co mundo gandeiro e institutos para espertar o interese.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2020-21, aplicáronse todas as normativas segundo o establecido, o que permitiu resolver as diferentes cuestións expostas polo alumnado sen que houbera incidencias destacables. Os alumnos teñen acceso a través da páxina web da Universidade e a do propio Centro a toda a normativa, e reciben información máis específica daquelas que consideramos fundamentais e que son as normativas de: Permanencia, Avaliación do Rendemento Académico, Prácticas Tuteladas e Tralado Fin de Grao.

A normativa que rexe as materias do décimo semestre, momento en que os alumnos deben realizar o rotatorio hospitalario e as prácticas tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias), é a máis restritiva en canto aos requisitos no número de créditos superados necesario para poder matricularse nelas e a incompatibilidade de cursar simultaneamente ningunha outra materia en primeira matrícula dado que se consideran "materias a tempo completo". O posible atranco que estas normas poderían supoñer para a adecuada progresión dos alumnos, motivou que no noso grao se inclúa un undécimo semestre cuxo contido é exactamente o mesmo do décimo. Desta forma, aqueles alumnos que por diversas circunstancias non poidan completar a totalidade das materias nos exames de xuño-xullo, poden empregar este undécimo semestre para graduarse no ano natural que lles corresponde, sen ter que consumir todo un curso académico adicional.

A tramitación das solicitudes de recoñecementos non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria. No organigrama da Facultade de Veterinaria non existe unha Comisión de Validacións, sendo a Xunta de Facultade ou, no seu caso a Comisión Permanente, quen asume esta competencia. Así pois, as solicitudes recibidas no Centro remítense aos coordinadores das materias obxecto de recoñecemento, que son os responsables de emitir un informe motivado; este é vinculante para a decisión que se tome. De existir antecedentes, para solicitudes sucesivas aplícase o mesmo criterio das informadas previamente. Para o alumnado procedente de Facultades de Veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia entre Graos de Veterinaria elaboradas pola Conferencia de Decanos.

No curso 2020-21 tramitáronse os expedientes de recoñecemento de estudos de 25 estudantes (ver documento anexo E6):

- 11 estudantes procedentes do Grao de Veterinaria iniciado noutras facultades de España (León, Córdoba Madrid e Cáceres)
- 4 estudantes procedentes doutros Graos da USC (Bioloxía, Mestre de educación primaria e Nutrición e dietética))
- 5 estudantes procedentes doutros Graos iniciados en facultades fóra da USC :Grao en Bioloxía (Universidades de León, Madrid e A Coruña) e Grao en Enfermaría (Universidade de Cádiz)
- 5 estudantes procedente dunha titulación iniciada nunha Universidade estranxeira (Brasil, Arxentina, Ecuador e Venezuela).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A difusión da información entre os grupos de interese é un tema de enorme importancia na xestión do título, e para iso dispónse de dúas canles fundamentais de comunicación.

A páxina web do centro (<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/>) está incluída nunha nova páxina web de centros e departamentos da USC, xunto co lanzamento da intranet institucional, dende o 3 de maio de 2021. Esta paxina permite manter actualizada e accesible a información relativa por exemplo a:

- As características do título de Grao en Veterinaria.
- O Sistema de Garantía Interna de Calidade (Memoria de Calidade, Informes de Seguimento, Plan Estratéxico, Plan de Melloras, etc.).
- A organización académica (calendarios de exames, horarios de clases, prácticas externas e tuteladas, traballo fin de grao, campus virtual).
- As infraestruturas e servizos.
- O Plan de autoprotección e prevención de riscos.
- A organización da facultade.
- Caixas de incidencias, queixas, suxestións e reclamacións.

Ademais calquera novidade se insire no taboleiro de anuncios: ofertas de traballo, convocatorias de prácticas e mobilidade, cursos e xornadas, etc.

Hai pantallas informativas nos pavillóns central e de aulas.

Non hai información con respecto á satisfacción dos egresados coa información dispoñible para o curso 2020-2021.

Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G-PC-12)					
Curso	2016-17	2018-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,60	3,12	3,04	-	-

Durante o curso 2020-2021 as páxinas web da universidade e do centro sufriron unha renovación e remodelación importante. Solicitouse un aprazamento do inicio do proceso na páxina web da Facultade de Veterinaria para que non sufrise ningún cambio ata pasada a visita dos auditores externos da EAEVE. Este retraso contribuíu a que a auditoría se desenvolvese sen incidencias.

A nova páxina web estivo dispoñible a partir do 3 de maio do 2021, procedéndose a actualizar todos o documentos e a información da que é responsable o centro, tanto na parte pública coma na intranet institucional.

Como consecuencia desta transformación da web detectáronse erros orixinados a nivel dos servizos centrais da USC nos datos da facultade. Estas incidencias comunicáronse á dirección de correo melloras.comunicacion@usc.gal, habilitada para tal efecto, e deriváronse a sxopra@usc.es cando correspondía, seguindo as instrucións recibidas. Debido ao volume de traballo dos servizos centralizados as modificacións tardan un tempo en executarse. No curso seguinte seguirase a revisar a páxina web e comunicar as incidencias atopadas.

Da información mínima indispensable que debe aparecer na páxina web do centro, non se atopan os espazos para os representantes dos estudantes debido a que o local destinado a ese uso está pendente da obra de acondicionamento do sistema de climatización para aforro enerxético do aulario. En canto se poda usar o espazo, indicárase na web a súa localización.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC busca propiciar a mellora continua nas Facultades e Escolas da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e renovación dos títulos que se imparten nelas, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, e abrindo o camiño cara a acreditación institucional deses centros, de acordo co RD 420/2015.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Veterinaria foi aprobado pola Xunta de Facultade en abril de 2010 e posteriormente certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o 15 de decembro de 2011. O SGC vaise adaptando aos cambios producidos no centro e/ou na USC de forma periódica, así durante o curso 2018-19, modificouse para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018.

Na web da Facultade, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) pódese consultar toda a información relativa ao SGC e ao seu desenvolvemento que inclúe o acceso a toda a estrutura e documentación do SGC: Manual do SGC, Manual de procesos do centro, política de calidade, prórroga do plan estratéxico, memorias de calidade, informes de seguimento, plans de mellora, así como as actas das reunións da Comisión de Calidade do centro.

No Manual de procesos do centro (aprobado pola CCPdCG o 15/03/2019), adaptado ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018, recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos, profesionais externos, empregadores e sociedade en xeral, a través do Comité Consultivo), as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso.

Desde o curso 2017/18 a Comisión de calidade asume as funcións de comisión de título para o Grao en Veterinaria, por ser a única titulación adscrita ao Centro nese curso, se ben despois da implantación dun Máster no curso 2018/2019, se propuxo de novo a creación dunha comisión de título para o grao, obxectivo que vén de alcanzarse en decembro do 2021.

Durante o curso 2020-2021, os mecanismos para a recollida de información, análise de resultados, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguiron levándose a cabo como en anos anteriores, aínda que en ocasións modificouse o calendario das actividades de calidade pola situación de pandemia do COVID-19.

Respecto aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese, para este fin dispoñemos de diferentes indicadores e informes proporcionados polos servizos centrais da universidade correspondentes ao Sistema de Garantía de Calidade que recollen información sobre os aspectos relevantes, como a docencia, as titulacións, servizos, mobilidade, etc.

Compre seguir a destacar o problema que persiste ano tras ano, que son os baixos datos de participación nas enquisas de valoración. Desde o centro, dentro das actividades de calidade, intentouse aumentar a participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de correos aos distintos grupos de interese con información sobre a utilidade e as datas das enquisas, así mesmo se fixeron pequenas charlas informativas para animar aos estudantes a participar nestas enquisas. Se ben, a tenor dos datos recibidos, constatouse que non fomos quen de mellorar esta participación, si se mantivo a pequena melloría acadada no curso 2019-20.

En canto aos procedementos de recollida de información hai que seguir tendo en conta a excepcionalidade dos derradeiros cursos, así o curso 2020-21 tamén se viu afectado pola situación de pandemia, e polo tanto os resultados dalgunhas enquisas son dificilmente comparables con outros cursos pre-pandemia.

A información recibida desde a ACMP complementase coa información obtida nas reunións de valoración de semestre. O centro dispón dun protocolo propio (**Reunións de valoración de semestre**) coordinado polo Vicedecanato de Ordenación Académica e Estudantes para valorar o nivel de satisfacción do alumnado e do profesorado coa actividade docente no Grao en Veterinaria. Nestas reunións o profesorado fai unha reflexión sobre o desenvolvemento e os resultados do proceso formativo e os alumnos aportan a súa visión, suxestións e críticas que serven para a reflexión e a eventual corrección das deficiencias detectadas, e para mellorar o que se evidencia como posible. Dende fai varios cursos elabóranse unhas enquisas que, con diferente acerto, buscan recoller de forma máis organizada a opinión do alumnado en canto a aspectos concretos da docencia recibida e singularmente sobre a adquisición de competencias clave na profesión, a información recollida a través dos delegados de curso analízase xunto co profesorado do semestre nestas reunións de valoración de semestre. Nestas reunións detectáronse algunhas debilidades no método de recollida de datos, polo que parece axeitado facer unha revisión do procedemento de consulta para a súa mellora.

Dentro do proceso PC-05, a Comisión analiza a información e resultados proporcionados pola ACMP e as reunións de valoración de semestre, para elaborar o autoinforme de seguimento, de onde saen posibles accións de mellora que son posteriormente recollidas na Memoria de Calidade do centro. Toda esta información, como xa se comentou, está dispoñible na documentación do SGC do centro no apartado de calidade da súa páxina web (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>), a disposición de tódolos grupos de interese.

A Comisión de calidade, tamén nas súas funcións como Comisión de título para o Grao en Veterinaria, levou a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título, a través dos procesos claves recollidos no Manual de procesos do centro. Todos os procedementos desenvóléronse consonte ao establecido no SGC e ás normas correspondentes; as reunións levadas a cabo pola Comisión, os puntos tratados en cada reunión e a síntese das conclusións e dos acordos tomados están dispoñibles na páxina web, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/organos-sistema-garantia-calidad>).

Procedemento de suxestións e reclamacións

Para os mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións e suxestións, contamos cos formularios implementados na páxina web da facultade e co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análises e Reclamacións (OAR).

De acordo co establecido no manual do SGC, proceso PS-05, na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria> (Queixas e suxestións)

Se esta queixa ou suxestión excede o ámbito de resolución do centro, derívase ao servizo que corresponda. Reciprocamente, as incidencias recibidas pola Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR) e que afectan aos aspectos que xestiona a facultade, fanse chegar e tramítanse como corresponda.

Dende o curso 2013-14 a Facultade de Veterinaria conta cun rexistro propio de suxestións e reclamacións recibidas directamente no decanato. As reclamacións e suxestións recibidas durante o curso 2020-21 descríbense na seguinte táboa, na que se recolle tamén a temática e a resolución das mesmas, segundo os datos proporcionados pola secretario da Facultade:

Código	Tipo	Data	Área involucrada	Estado	Motivo	Resultado
FV_2020_01	Reclamación	10/11/2020	Prácticas	Pechada	Solicitar realizar prácticas fora do período lectivo	Estimada: a USC permitiuno de xeito excepcional para o curso 2020/21
FV_2020_02	Suxestión	25/11/2020	Material informático	Pechada	Pago mantemento material informático	Desestimada: Non é competencia da facultade. Indicouse á persoa implicada que podería trasladar dita solicitude á área TIC

FV_2020_03	Suxestión	26/11/2020	Espazos facultade	Pechada	Necesidade espazos traballos en grupo	Estimada: estableceuse un método para a reserva de espazos para ditas actividades
FV_2020_04	Reclamación	14/12/2020	Datas exame	Pechada	Reclamación proba avaliación continua fora do horario	Estimada: o profesor facilitou unha data alternativa
FV_2021_01	Reclamación	27/01/2021	Nota materia	Pechada	Reclamación nota	Estimada: modificada nota materia
FV_2021_02	Reclamación	15/02/2021	TFG	Pechada	Modalidade defensa TFG	Desestimada: a estudante presentou a solicitude fora de prazo
FV_2021_03	Reclamación	27/02/2021	TFG	Pechada	Modalidade defensa TFG	Desestimada: o estudante presentou a solicitude fora de prazo

Ademais, dentro do alcance do sistema de xestión de calidade está contemplado o tratamento das queixas, suxestións e recursos administrativos tramitados na OAR (Oficina de Análise e Reclamacións), polo que se refire ás incidencias rexistradas no curso 20-21 resolvéronse 5 recursos referentes á Facultade de Veterinaria (dun total de 193 resoltos na USC) (<http://www.usc.es/es/servizos/oar/documentacion.html>). En canto ao noso centro rexistráronse 13 reclamacións en procesos de xestión académica e interpuxéronse 16 recursos, todos eles relativos ao Grao en Veterinaria e coa temática que se detalla na seguinte táboa:

Recursos presentados na OAR relativos á Facultade de Veterinaria, curso académico 2020-2021	16
Grao en Veterinaria	16
Recoñecemento de Estudos	5
Recoñecemento Erasmus Sicue	11

Dos 16 recursos presentados relativos o grao en Veterinaria 14 foron estimados e 2 desestimados.

No informe da OAR tamén se mencionan 5 queixas e suxestións relativas á Facultade de Veterinaria no curso 2019-20, todas elas relacionadas co grao en veterinaria. As reclamacións presentadas no noso centro presentaron a seguinte temática, segundo a citada memoria:

Queixas e suxestións rexistradas na OAR relativas a Facultade de Veterinaria curso 2020-2021	13
Grao en Veterinaria	13
Bibliotecas	7
Exames	1
Prácticas/Estadías de Plano de Estudos	4
Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI)	1

Destas reclamacións 1 foi estimada, 9 desestimadas e 3 arquivadas.

Estes datos amosan un claro aumento dos recursos, así como das queixas e suxestións, con respecto a cursos anteriores; cunha concentración dos recursos presentados en 2 procesos concretos da xestión académica.

Tal como aparece reflectido na Memoria de actividades da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) do curso 2020-2021, a causa do aumento dos recursos presentados en relación aos "recoñecementos Erasmus Sicue" foi debida a un fallo na aplicación da Instrución da Secretaría Xeral nº 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como

consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19, o que levou a un erro da nota nos expedientes do alumnado de intercambio.

Isto supuxo a revisión, por parte da OAR, dun total de 505 expedientes dos tres campus da USC, dos cales foi necesario facer 237 rectificacións de oficio para imputar correctamente a nota media tal e como indicaba a citada Instrución de Secretaría Xeral.

En canto aos recursos relativos ao recoñecemento de estudos, como xa se indicou no criterio 1 deste informe, a tramitación das solicitudes de recoñecementos non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria, no caso do alumnado procedente de Facultades de Veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia elaboradas pola Conferencia de Decanos. Este proceso vese dificultado pola heteroxenidade de programas formativos dos Graos de Veterinaria de España, polo que é conveniente facer unha revisión do mesmo no que atinxe ao centro, así coma unha optimización das táboas de equivalencia.

Neste punto é de destacar que as queixas e suxestións rexistradas na OAR non se trasladan aos centros, do mesmo xeito que as suxestións e reclamacións recibidas directamente na Facultade non se trasladan a OAR, polo que é imposible discernir se algunhas poden ser as mesmas, presentadas a través de diferentes vías administrativas.

Dispónse ademais doutro formulario para comunicar calquera incidencia relativa a instalacións e servizos da Facultade. Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non comunicase á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato: <http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/incidencias.html>. Non obstante, as incidencias fanse na maioría das veces a través de chamadas telefónicas e son moi poucos os usuarios que empregan o formulario, principalmente debido á urxencia por resolvelas. As principais incidencias achegadas á conserxería resúmense na seguinte táboa:

INCIDENCIAS CURSO 2020-2021

TIPO DE INCIDENCIA	Nº DE INCIDENCIAS
Climatización e calefacción	9
Electricidade	28
Fontanería	42
Goteiras	4
Iluminación exterior	8
Iluminación interior (bombillas e tubos fluorescentes)	32
Incendios	
Informática	40
Limpeza	15
Pragas	5
Recollida de material para reciclaxe	4
Seguridade edificios	12
Varios (carpintería, ascensores, cristais...)	46

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como vimos indicando todos estes anos, e grazas á colaboración imprescindible da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a realización do Informe de seguimento anual constitúe unha ferramenta extraordinariamente útil para detectar e corrixir os posibles desaxustes, así como para propor as accións de mellora necesarias para a súa consecución. O seguimento do título fíxose durante o curso 2020-21 segundo o calendario establecido pola USC coas necesarias modificacións polas circunstancias debidas á pandemia de COVID-19.

Así mesmo, a Memoria de Calidade do curso 2019-2020, que recolle o Plan de Melloras para o curso 2020-2021, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada, previo Informe técnico de Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade do Centro.

O Informe de seguimento do Grao en Veterinaria e a Memoria de Calidade do Centro correspondentes ao curso 2019-2020 e anteriores son públicos e están dispoñibles na web da Facultade, o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC son tamén de gran axuda de cara aos procesos de avaliación, xa que nestes anos a facultade foi incorporando medidas de mellora que nos permitiron estar preparados para as avaliacións feitas por parte das distintas axencias avaliadoras.

Ademais da avaliación por parte da ACSUG para a renovación da acreditación do Grao en Veterinaria por parte do Consello de Universidades que obtivo en xuño de 2017, a Facultade de Veterinaria, a cal sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE), vén de renovar a súa acreditación despois da re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021, recibindo a acreditación do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21 de xuño de 2021.

A integración dos indicadores revisados pola EAEVE para a acreditación polo ECOVE no seguimento anual do título, en paralelo aos indicadores aportados pola ACMP, facilitaría o proceso de renovación da acreditación europea que debe realizarse cada 7 anos dende a visita de acreditación. O Grao en Veterinaria da USC ten que renovar a acreditación europea no ano 2025. Debido a que no curso 21-22 comeza o proceso de preparación para esta avaliación propónse engadir os indicadores da EAEVE no autoinforme de seguimento/resultados do título a partir dese curso. Ademais, este cambio integrará todos os procesos relativos á calidade do título nun único proceso.

Todas as recomendacións feitas nos informes derivados destes procesos de avaliación son tidos en conta a través das accións de mellora incluídas no Plan de Melloras e/ou nas posibles modificacións da Memoria do Grao. Así mesmo tivéronse en conta na elaboración da *Prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria 2020-2022*, aprobado pola Xunta de Facultade o 12/02/2021 e posteriormente ratificado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno na súa reunión do 03/03/2021.

Modificacións para a mellora do título.

Durante o curso 2020-21 levouse a cabo a substitución da materia optativa “G2091243 -Anatomía de Mamíferos Exóticos” por unha nova materia optativa denominada “Anatomía dos novos animais de compañía (mamíferos)”, con idéntica carga de créditos (3 ECTS), xa que o programa e contidos da nova materia ofertada responde máis axeitadamente ás necesidades formativas actuais conducentes a obtención do Grao en Veterinaria. Esta modificación non substancial fora aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 31/03/2020.

Así mesmo, no curso 2020/21 solicitáronse outras 2 modificacións non substanciais da Memoria do Grao: a reorganización das horas nas actividades formativas das fichas de dúas materias (Embrioloxía veterinaria e Toxicoloxía veterinaria) para responder de forma máis axeitada ás necesidades formativas dos alumnos do Grao en Veterinaria. Estas modificacións foron aprobadas polo Consello de Goberno na súa reunión do 25/02/2021 e serán postas en marcha no actual curso 2021/22.

Estas modificacións para a mellora do título son revisadas e analizadas pola Comisión de Calidade (que asume as funcións de Comisión do Título de Grao en Veterinaria) emitíndose un informe sobre a súa idoneidade antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade.

Accións de mellora

As accións de mellora para o curso 2020-21 xurdiron da análise e revisión feita do curso 2019-20 no Informe de Seguimento e outras propostas de mellora para o Grao en Veterinaria. Ademais cada ano, desde a CCC pídeselles ás materias que reflexionen sobre o resultado do curso e envíen á Comisión de Calidade as accións de mellora que consideren necesarias como proposta para mellorar e completar o desempeño docente. Esta posibilidade é unha ferramenta de enorme valor que a implantación do SGC ofrece para a continua innovación e mellora da actividade docente, e que cada vez máis vai implantándose dentro da planificación que as diferentes materias fan para o curso próximo.

Ademais destas accións, tamén se acometen outras accións xerais para o conxunto do grao, enfocadas ao desenvolvemento de accións estratéxicas específicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas da Prórroga do PE 2020-22. Así mesmo recollen as recomendacións xurdidas do Informe da Auditoría interna realizada pola ACMP, de cara á certificación da implantación do SGC, que tivo lugar o 6 de maio do 2021.

Tódalas accións de mellora 2020-21 do Grao en Veterinaria foron informadas en tempo e pechadas na AASX, salvo a GrV-AM-22 que por un erro quedara sen pechar, estando nestes momentos xa pechada. A maioría delas foron finalizadas con eficacia. Se ben hai 6 accións de mellora do Grao (das 34 totais) que non se puideron considerar eficaces, todas elas están en proceso de realización, contando que poidan ser rematadas para este curso.

As 6 accións de mellora que serán retomadas no Plan de Melloras 2021-22 son:

GrV-AM-9. Iniciar unha optimización da coordinación de contidos impartidos en materias relacionadas.

GrV-AM-12. Realización de enquisas de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario

GrV-AM-13 (parcialmente). Captación de alumnos titores e planificación de actividades

GrV-AM-22. Escaneado de preparacións histolóxicas de casos de inflamacións para o seu emprego en clases expositivas, seminarios interactivos e sesións prácticas

GrV-AM-34. Renovación do vídeo promocional do grao no programa A Ponte.

GrV-AM-5. Elaboración dun borrador de procedemento para as prácticas tuteladas que organice a carga de traballo administrativo nos semestres 10º e 11º.

A información completa destas accións de mellora amósase no apartado correspondente ao Plan de Melloras deste informe de seguimento 2020-21 (páxs. 43 a 106).

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos de centro adaptado ao novo SGC marco da USC foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 15/03/2019.

Despois deste tempo de emprego, o SGC requería unha actualización dos procesos para incorporar os cambios que se foron producindo nos dous últimos anos en normativas e procedementos, así como outros cambios de maior calado que se viu necesario acometer que afectarían á estrutura do SGC, como sería a constitución dunha Comisión do Grao en Veterinaria co fin de separar Comisión de Grao e a Comisión de Calidade.

Estes cambios foron postergándose debido a varias razóns, como o feito de que a Facultade estivo inmersa no proceso de avaliación europea por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE) ou a renovación do equipo decanal, así como a irrupción da pandemia orixinada polo COVID-19.

Unha vez obtida a acreditación europea e iniciada a andadura do novo equipo decanal, comezouse co proceso de revisión e actualización tanto do Manual de SGC como do Manual de Procesos do Centro, actuacións que quedaron recollidas no Plan de Melloras do Centro para o ano 2020-2022, entre as que destacan:

- Creación da Comisión de Grao en Veterinaria
- Cambio na composición da Comisión de Calidade
- Inclusión das comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC
- Actualización do Manual de procesos para a súa adaptación aos cambios producidos en normativas e procedementos

Durante o curso 2020-21, realizáronse os traballos de revisión e mellora do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e do Manual de Procesos da Facultade de Veterinaria, tal como se recollía no Plan de Melloras do centro. Estes documentos foron elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria, aprobados pola Xunta de Facultade e ratificados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (CCPdCG) xa no curso 2021-22.

Ademais, dentro do SGC do centro estanse a poñer en marcha e/ou consolidar mecanismos de recollida de información para complementar a información facilitada pola ACMP, o que se recolle nas seguintes AM do Grao:

A acción de mellora do Grao GrV-AM-10 consistiu na inclusión das reunións de valoración de semestre no proceso PS-04."Satisfacción, expectativas e necesidades". O informe elaborado a partir destas reunións quedará depositado na AASX e será analizado pola Comisión de Título, pasando a formar parte dos informes empregados no proceso PC-05. "Análise de resultados e mellora dos programas"

Mentres ca acción de mellora do Grao GrV-AM-12 relativa á realización de enquisas de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario quedou posposta para o seguinte curso debido a que esta materia foi sometida a unha importante reestruturación motivada pola avaliación da EAEVE e as necesidades docentes xeradas polo incremento de docencia retrasou o novo deseño e a súa implementación, polo tanto non procedía facer unha enquisa cando a materia estaba a piques de cambiar.

No curso 2020-21 retomouse a actividade do laboratorio de habilidades clínicas e, polo tanto, considérase adecuado realizar enquisas de satisfacción dos alumnos cos diferentes módulos a partir do próximo curso, co obxectivo de facer unha mellora continuada do laboratorio.

En canto aos indicadores das enquisas de satisfacción facilitados pola ACMP mostran que tanto o alumnado como o profesorado están satisfeitos co desenvolvemento da docencia no curso 2020-21, manténdose ou mellorando a valoración obtida en ambos colectivos como en anos pre-pandemia, Ademais, indicar que la taxa de resposta na enquisa por parte do alumnado mantívose como en anos anteriores (31,5%).

O único indicador que empeora é o da satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (IN21G), aínda que se mantén en valores adecuados (4,14) sofre unha baixada respecto ao curso 18-19 (4,76) e 17-18 (4,52); consultando os ítems das enquisas realizadas (INF.08), apreciase co peor valorado é o referente a “comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais”, se ben non podemos ver a evolución deste ítem respecto aos cursos anteriores.

Hai que sinalar que no Grao en veterinaria, os/as encargados/as desta comunicación no curso 2020-2021 foron os coordinadores das materias correspondentes ás prácticas externas, non os titores académicos. Esta situación foi revisada e no novo regulamento de práctica tuteladas para o Grao en Veterinaria aprobado este ano e que se aplicará no curso 2022-23 o titor académico asume un maior papel na comunicación coas empresas e titores profesionais.

No informe (INF.14) das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida destacan a diminución da valoración no ítem respecto ao "se o nivel co que chega o alumnado é suficiente para afrontarse aos contidos da materia?" o que esta en consonancia co observado nas reunións de valoración de semestre. Probablemente debido á situación de confinamento por COVID no curso 2019-20 e a súa repercusión na docencia deste curso.

Salientar tamén o aumento na súa valoración en canto a satisfacción co “material e servizos de apoio a docencia.....” e os “instrumentos, ferramentas e canais postos a disposición para a docencia...”, o que pode ser debido a un maior esforzo e dotación de recursos materiais para a docencia a partir da situación de COVID.

En relación ao indicador do grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G) hai que ter en conta que o dato ofrecido pola ACMP para o curso 2020-21 non está desagregado por título, por un problema do sistema informático, polo que é un dato xeral da USC.

Nos criterios 4 e 7 móstranse máis detalles sobre o resultado destas enquisas de satisfacción.

Sinalar que na información que nos aporta a ACMP a través os informes relativos ás enquisas de satisfacción agradeceríase que se puidera apreciar a evolución das valoracións dos diferentes ítems que forman parte da enquisa ao longo dos últimos cursos, xa que nos informes só aparece o dato do último curso, co cal obriga a recuperar os informes dos cursos anteriores, o que supón unha carga de traballo maior para o centro.

Tamén sería recomendable que nestes informes apareceran o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que podían cubrila, para ter unha idea da representatividade de ditas enquisas.

Outro dos mecanismos implementados dentro do SGC foi a posta en marcha do Comité Consultivo Externo. O 10 de febreiro de 2021 tivo lugar a primeira reunión deste Comité, cuxa constitución foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 26 de xuño de 2019. A reunión tivera que ser retrasada pola pandemia e foi feita a través da plataforma Teams, nela acordouse facer reunións anuais (ao inicio semestrais) e tamén charlas con periodicidade mensual para dar a coñecer aos estudantes e profesorado da Facultade a súa visión sobre o seu campo de especialización

Por último, sinalar que a Facultade de Veterinaria tiña previsto pasar a Auditoría para a Certificación da implantación do SGC, de cara a súa acreditación institucional, en 2019; pero desaxustes nas datas e posteriormente a crise sanitaria motivada pola COVID-19 retrasou este proceso, tendo que ser posposto, ata que finalmente o 3 de decembro do 2021 tivo lugar a visita para a certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Veterinaria, estando agora á espera do informe por parte da ACSUG.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para a valoración da cualificación do profesorado que imparte docencia no Grao en Veterinaria, en canto á experiencia docente e investigadora, recorreremos aos tramos de investigación e de docencia recoñecidos ao profesorado. Neste curso 2020-2021, a porcentaxe de profesores con algún tramo de investigación recoñecido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ascendeu ata o 92,08% (IN24G), sendo unha porcentaxe similar á do ano pasado (92,45) cunha tendencia lixeiramente alcista nos últimos anos, e case con 7 puntos por riba da media da USC (85,47%). A porcentaxe de profesores funcionarios que impartiu docencia respecto ao número total de PDI acadou este curso académico un valor de 74,58% (IN26G) con respecto ó 70,31% do curso anterior. Este aumento débese a diminución do número de PACS. Esta porcentaxe de profesores funcionarios viña amosando unha tendencia á baixa dende hai anos, diminuíndo aproximadamente 10 puntos nos últimos 10 anos. Cos datos actuais o Grao en Veterinaria está 15 puntos por riba da media da USC. A porcentaxe de profesores que posúen o título de doutor é do 94,92 (IN25G) e permanece máis ou menos constante nos últimos anos ao redor do 95%, con leves subidas e baixadas. O valor deste indicador supera en 10 puntos á media da USC o que xunto cos indicadores IN24G e IN26G dá unha idea da cualificación do profesorado deste Grao.

A media de alumnos por grupo de teoría foi de 113,45 nas materias de formación básica e obrigatorias (IN55G) e de 19,00 nas materias optativas (IN56G). Este dato é similar aos dos anos anteriores, e foise incrementado lixeiramente, debido ao incremento do número de alumnos que se foi producindo na titulación dende a súa implantación. Non obstante, a media de alumnos por grupo de docencia interactiva vai diminuíndo progresivamente dende hai 5 cursos, tanto nos grupos clínicos, de laboratorio e de seminario, acadando un valor de 13,97 no 20-21 (IN32G), o que supón un valor menor á media da USC (8 puntos menos). Este indicador é moi importante mantelo en niveis baixos de cara a unha docencia de calidade por ser un Grao eminentemente práctico e no que os estudantes deben adquirir destrezas e habilidades difíciles de conseguir cun número grande de alumnos por grupo.

Ademais, a satisfacción dos alumnos coa docencia recibida (IN46G) aumentou lixeiramente ata un 4,23, na mesma liña dos últimos anos cunha clara tendencia á alza. A taxa de resposta nestas enquisas foi do 31,46 similar a cursos anteriores (IN48G). En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida acádase un valor de 4,05 lixeiramente superior ao ano anterior, pero coa mesma tendencia (IN47G) e cunha taxa de participación nas enquisas dun 48,87%.

Entendemos que estes datos, aínda que mellorables, xustifican que o profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

Distribución do Persoal Académico con docencia (E15)

CATEGORÍA	E15 2016-2017	E15 2017-2018	E15 2018-2019	E15 2019-2020	E15 2020-2021
Asociado de Ciencias da Saúde	8	8	8	7	1
Asociado de Universidade	2	2	3	5	6
Axudante doutor	1	1	3	5	7
Investigador contratado pre- ou posdoutoral	2	12	15	11	14
Catedrático/a de Universidade	18	12	13	13	16
Colaborador/a	1	1	1	1	1
Profesor Contratado Substitución	7	5	2	4	4
Profesor Contratado Doutor	16	17	15	16	13
Titular de Escola Universitaria	3	2	2	2	2
Titular de Universidade	76	72	74	74	66
TOTAL (Profesores+Bolseiros)	134 (132+2)	132 (120+12)	136 (121+15)	139 (128+11)	130 (116+14)

Analizando estes datos, o cambio máis destacado é a desaparición de 6 PACS durante o curso 20-21 que se viñan encargando da materia troncal Rotatorio Clínico Hospitalario, o que fixo moi complicada a impartición de toda a docencia e supuxo unha carga docente para o resto do PDI vinculado da área de Ciencias Clínicas Veterinarias. A docencia puido levarse a cabo debido á situación ocasionada pola pandemia, que permitiu xuntar grupos na docencia online.

Asemade, os titulares de Universidade diminuíron en gran medida debido a xubilacións cuxas prazas se amortizaron e non se reemplazaron con prazas de nova creación. Cabe mencionar tamén que algunhas das variacións nestes últimos anos débense á redistribución de profesorado noutros centros que impartía escasas horas de docencia neste grao. A participación na docencia do grao do conxunto de profesorado contratado doutor, axudante doutor, asociado e de substitución mantense dende o ano pasado, o que podería ser indicativo dun esforzo de acoller a profesorado máis novo que garanta o relevo xeracional na formación dos estudantes do grao.

A Universidade de Santiago de Compostela posúe un Programa de Formación e Innovación Docente que ten como finalidade principal establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Desta forma, a USC ofrece un abano de cursos para a mellora da actividade docente do profesorado. Ademais, segundo os intereses específicos do centro é recomendable solicitar cursos para o profesorado, orientados a fomentar a formación dos nosos docentes en aspectos concretos, como se vén facendo nos últimos anos. A satisfacción do PDI da USC coas accións formativas dos cursos do PFID no curso 20-21 acadou unha valoración media de 4,49/5, cunha participación nas enquisas dun 45,31% (INF.10). Non se dispón destes datos desagregados por titulacións.

A participación do profesorado en programas de mobilidade diminuíu considerablemente neste curso con respecto a cursos anteriores, pasando de 1,27 e 2,16% nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 ao 0,77% no 2020-2021. Esta redución pode deberse á situación de pandemia mundial que se declarou no segundo semestre do curso 2019-20, e que continuou durante o curso 2020-21, xa que a adaptación a outra metodoloxía docente ocasionou unha sobrecarga de traballo, á que se sumaron as restricións para viaxar.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de administración e servizos mantense con respecto ao último ano, contando con 16 persoas de apoio na Facultade de Veterinaria, e aos seus dous títulos adscritos: Grao e Máster.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS CURSO ACADÉMICO 2020-2021 (E-16)

Unidade	Posto	Escala/categoría	Total
Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	Escala de Xestión/Administración	1
	Posto base	Escala Auxiliar-Administración	1
	Secretaría do Decanato	Escala auxiliar-Administración	1
	Responsable administrativo Departamentos	Escala Administrativa-Administración	2
Unidade de Asuntos Económicos	Responsable de Asuntos Económicos	Escala Administrativa-Administración	1
Conserxería	Conserxe	Oficial de servizos	1
	Auxiliar Técnico Servizos	Auxiliar Técnico Servizos	4
Facultade de Veterinaria	Técnico Investigación (Area Bioloxía-Saúde)	Técnico Investigación	3
Forno crematorio	Técnico Investigación (Area Bioloxía-Saúde)	Técnico Investigación	2
TOTAL			16

A satisfacción deste persoal co traballo desenvolvido arroxou unha cifra de 4,40 (IN49C), bastante superior ao rexistrado no ano anterior (3,25). Existe unha tendencia á alza deste indicador nos últimos 5 anos.

Outros recursos humanos dispoñibles

Ademais do persoal relatado máis arriba, hai outro que, sen vinculación tan directa coa Facultade de Veterinaria, presta apoio dende os servizos xerais da USC:

- Técnico especialista en informática dependente da Área da Información e Comunicacions (ATIC), encargado das incidencias de tipo informático, e demais persoal do CAU (Centro de Atención ao Usuario da USC).
- Persoal da Oficina web. <http://www.usc.es/es/servizos/oficinaweb/index.html>
- Os traballadores da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo: responsables da matrícula e xestión de expedientes, así coma das actas das materias reguladas (non das do Traballo Fin de Grao, nin das Prácticas Externas, competencia ámbalas dúas do Centro). <http://www.usc.es/es/goberno/xerencia/lugo/uxalugo.html>
- Oficina de Información Universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>
- Servizo de Participación e Integración universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/index.html>
- Servizos de Apoio á Docencia e á Investigación. <http://www.usc.es/gl/servizos/>
- Área de Xestión de Infraestruturas. <http://www.usc.es/es/servizos/axi/index.html>
- Área de Cultura. <http://www.usc.es/es/servizos/cultura/index.html>
- Unidade de Convenios <https://www.usc.gal/gl/servizos/convenios/>
- Servizo de Relacións Exteriores <https://www.usc.es/gl/perfis/internacional/>, principalmente o persoal responsable de programas de mobilidade do Campus de Lugo

Persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA

O persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA experimentou un considerable descenso no último ano, cunha diminución de 6 postos no cadro de persoal facultativo (2 facultativos de apoio, 3 bolsas do servizo de atención continuada e 1 internado en grandes animais) fronte á creación de 2 postos (1 bolsa de apoio asistencial, e 1 bolseiro de formación profesional).

O cadro de persoal de administración e servizos tamén se veu diminuído con respecto o ano anterior coa desaparición do persoal do servizo de esterilización.

Persoal Facultativo	Número	Persoal de administración e servizos	Número
Facultativos Diagnóstico por Imaxe	2	Dirección Xerencia	1
Facultativo Análises Clínicas	1	Secretaría Dirección	1
Facultativo Unidade de Équidos	2	Técnico de Xestión yRRHH	1
Facultativo Servizo Ambulante de Animais de Renda	1	Técnico de transferencia de tecnoloxía	1
Facultativo Farmacia	1	Admisión	2
Facultativo Medicina Interna	1	Informática	1
Facultativo Oftalmoloxía	1	Oficial 1ª Mantemento Eléctrico	1
Facultativo Anestesia	1	Mantemento xeral e condutor	1
Facultativo Apoio	1	Limpeza HVU-RC	3
Bolsas Servizo Atención Continuada	0	Limpeza CEBIOVET	3
Bolsas Apoio Asistencial	4	Esterilización	0
Internado Pequenos Animais	12		
Internado Grandes Animais	3		
Bolseiros de Formación Profesional (laboratorio, esterilización, hospitalización)	4		
Bolseira Residente Diplomatura	1		

Os facultativos do Hospital son os encargados da docencia da materia Rotatorio Clínico Hospitalario. Cada estudante ten que cursar 136 horas presenciais. A demora na transformación das prazas de Profesores Asociados de Ciencias da Saúde (PACS) a Profesores Asociados fixo que no curso 2020/2021 soamente existira unha praza ocupada (sendo de 7 no curso anterior). Existiu, polo tanto, una carencia clara nesta categoría que se viu complicada co déficit de profesorado da área de Ciencias Clínicas Veterinarias.

Tendo en conta esta situación, promoveuse que no primeiro semestre do curso 2021-2022 as prazas de profesor asociado xa foran ocupadas. Ademais, o departamento responsable da docencia xa solicitu 3 prazas de axudante doutor para a área de Ciencias Clínicas Veterinarias.

Profesionais externos

A titorización non académica das prácticas do módulo de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas, conta coa colaboración de profesionais externos, que está formalizada mediante convenios de colaboración con empresas/institución do estado español e do extranxeiro, asinados polo Reitor ou vicerreitor con competencias e aprobadas polo Consello de Goberno.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

A totalidade das infraestruturas consignadas na memoria do título seguen en activo; ademais incorporáronse algunhas outras para mellorar o cumprimento dos obxectivos formativos e atender ás necesidades da titulación.

Dispoñibilidade de aulas:

A Facultade de Veterinaria dispón dun edificio de aulas exclusivo, no que se sitúan as 7 aulas construídas no proxecto inicial e outros espazos para usos diversos. Entre eles, o local do desaparecido servizo de reprografía foi remodelado en 2014 como aula 8, para atender ás crecentes necesidades de espazos docentes que o Grao supón. Fóra do aulario, xa antes de comezar a nova titulación, acondicionáronse outros espazos como aulas de usos múltiples: a denominada Aula Aresa –dotada grazas a concesión do Premio Aresa de Desenvolvemento Rural á Facultade en 2008, cunha capacidade de entre 35 e 40 prazas, moi demandada –entre outros usos- para seminarios, talleres ou para impartir materias optativas con número reducido de alumnos.

Máis recentemente en 2015, acometeuse a remodelación do espazo que ocupaba a Sala de Exposicións que a área de Cultura do Campus acondicionou nunha parte da antiga biblioteca da Facultade; este espazo finalmente puido ser recuperado para usos propios do Centro. Neste recinto e grazas á achega económica de dúas empresas colaboradoras que sufragaron parte da reforma, creáronse a aula Aresa-2, para uso eminentemente docente, e a sala Galeno multifuncional: formación, reunións, lectura de TFG e Tese, transformable polo seu mobiliario modular en función das

necesidades e con sistema de videoconferencia.

Salas de estudos:

Aínda que a Biblioteca Intercentros conta con espazosas e moi ben dotadas salas de estudo, o certo é que a sala de lectura da antiga Biblioteca da Facultade mantense como tal pola demanda dos alumnos, especialmente en época de exames, dada a relativa distancia da Biblioteca Intercentros e para optimizar os tempos libres da súa xornada docente; é un lugar que ao longo do curso mantén unha boa ocupación. Ademais, está tamén a disposición dos estudantes o laboratorio de habilidades clínicas (un dos espazos situados no aulario) como sala dedicada ao aprendizaxe autónomo no que o alumno pode repasar e adquirir destreza nas habilidades aprendidas nas clases prácticas.

Espazos para uso dos representantes de alumnos e asociacións de estudantes:

No curso 2020-21 iniciouse o trámite para acometer unha obra de acondicionamento do aulario co fin de arranxar o sistema de climatización e aumentar a eficiencia enerxética do edificio. O espazo posto a disposición dos representantes e asociacións de estudantes ten que ser remodelado durante estes traballos, polo tanto, temporalmente os representantes e asociacións de estudantes usan as salas de reunións que se mencionan a continuación con reserva previa.

Aulas de informática e Recursos informáticos:

A titulación de Grao emprega nestes momentos dous das tres aulas de informática que se habilitaron xa na antiga licenciatura, a aula informática 1 e 3. Están situadas no pavillón central, pertencen ao sistema RAI (Rede de Aulas de Informática da USC) e dispoñen dos programas de licenza corporativa ou software libre necesarios para impartir as sesións prácticas daquelas materias que contemplan este tipo de actividade na súa programación. Cando se demanda e se está dispoñible, a aula 3 é de libre acceso para calquera alumno que poida necesitar empregar un equipo, aínda que é certo que co crecente emprego de teléfonos intelixentes e computadores portátiles na contorna WiFi do Centro, este uso cada vez é máis esporádico. A aula informática 2 foi transformada na Sala Norvet, debido á obsolescencia dos seus equipos informáticos e a necesidade de cubrir máis necesidades derivadas da multiplicidade de actividades docentes das materias do grao. O recinto adaptouse para un uso máis versátil e ampliouse a cobertura WiFi para que se poida seguir utilizando para as prácticas das materias que actualmente a utilizan para este fin.

Laboratorios:

A estrutura en pavillóns independentes da Facultade de Veterinaria, nos cales se sitúan as diferentes materias, fai que existan numerosos laboratorios, polo menos un para docencia en cada planta de cada pavillón e, as máis das veces, dous máis para investigación, tamén en cada planta, que en non poucas ocasións empréganse para impartir sesións prácticas das materias.

Aquelas materias que programan unha actividade práctica singular dispoñen de instalacións adicionais, como son as salas de disección para Anatomía e necropsias para Anatomía Patolóxica.

Por último, as materias clínicas de carácter asistencial desenvolven o seu ensino práctico nas instalacións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina; alí dispoñen de todo o equipamento necesario en consultas, quirófanos, salas de raios, sala de ecografía, sala de TAC, laboratorios de diagnóstico, hospitalización, etc.

Salas de reunións:

A Sala de Xuntas é o espazo de maior aforamento (80-100 asistentes) para reunións no edificio da Facultade de Veterinaria, e está situada no pavillón central. Na mesma localización localízase a Sala XXV Aniversario –un recinto de pequena capacidade, 15 persoas, para cursos e reunións- e a Sala Galeno -25 a 40 asistentes en función da configuración- xa referida polo seu posible uso como aula, pero que igualmente está pensada para reunións polo seu mobiliario modular movable.

As tres salas de reunión están dotadas de sistema de videoconferencia.

Debido á situación de pandemia, e unha vez que se permitiron reunións presenciais, as Xuntas de Facultade celebradas durante o curso 2020-21 tiveron lugar no auditorio para asegurar a distancia mínima entre os asistentes. Para reunións menos numerosas utilizáronse as outras salas, para as que temporalmente se axustou o aforo en función do espazo dispoñible e a distancia interpersoal mínima recomendada polas autoridades sanitarias en cada momento.

Biblioteca:

Os recursos bibliográficos e instalacións que corresponderían á Biblioteca da Facultade de Veterinaria atópanse na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.

Dita Biblioteca é un edificio de 9.500 m² que alberga 1.525 postos de estudo –algún deles adaptados para usuarios con discapacidade- distribuídos en 5 salas de lectura, 1 sala de traballo en grupo, 1 hemeroteca e 1 sala de formación (sala e-Terra) con 21 equipos informáticos totalmente renovados en 2016. Existen ademais 20 postos de consulta de catálogo en liña e recursos electrónicos e equipos de consulta de microfílm.

Libros e recursos documentais en xeral

En canto á suficiencia de fondos Bibliográficos integran a colección desta biblioteca máis de 110.000 volumes de monografías (en diferentes soportes: impresos, DVDs, etc.) e 1.878 títulos de revistas, das que 191 son subscricións en curso; o eixo temático central do Campus Terra, e por tanto de todos estes documentos, é o gandeiro e agroalimentario. Desas monografías máis de 14.700 son libros das materias de veterinaria, alimentación, etc. Delas, a data de marzo de 2022, 4.893 encádranse dentro da categoría de Veterinaria e máis de 370 destes últimos son títulos editados a partir do 2015, o cal indica unha adecuada actualización. Analogamente dentro da temática relativa a Producción Animal existen

3.377 títulos, dos que 263 están publicados con posterioridade ao ano 2015. Finalmente, da temática Alimentos atópanse na Biblioteca Intercentros 986 libros dos cales máis de 218 foron editados nos últimos 5 anos. Dado o constante crecemento dos fondos, e incluíndo as materias xerais básicas, ascende a máis de 17.000 títulos –só libros- os existentes directamente relacionados co Grao, e tendo en conta que dos máis importantes existen varios exemplares. O catálogo de fondos é accesible a través de <http://iacobus.usc.es>.

A Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC) forma parte do Consorcio Bugalicia que permite o acceso á colección de recursos electrónicos máis importante ao subscribir máis de 9.000 revistas de alto impacto científico, máis de 18.000 monografías (entre libros electrónicos, estándares e actas de congresos) e máis de 10.000 documentos a texto completo accesibles desde bases de datos.

ReBUSCa é o portal de servizos electrónicos da BUSC. Desde a súa páxina web (<https://rebusca.usc.gal/inicio>) accédese á colección de libros electrónicos, pertencentes ás editoriais máis importantes: Elsevier, Ovid, Panamericana, Springer e EBSCOhost, Wiley, American Chemical Society, entre outras, por materia, editor/proveedor e tipos de soporte. A gran maioría destes libros son de moi recente edición posto que este formato desenvolveuse maioritariamente durante a última década.

Pórtico é o buscador de libros electrónicos. É un portal de acceso e busca de recursos de información do que dispoñen as Bibliotecas do Sistema Universitario Galego. A través del poderá localizar e coñecer os recursos dispoñibles na súa área de coñecemento e enlazar ó texto completo se dispón del. O xestor de enlaces, SFX, facilitaralle medios para obter o texto completo, comprobar se a biblioteca dispón da versión impresa, solicitar o documento a través do servizo de préstamo interbibliotecario, consultar o factor de impacto, acceder á táboa de contidos ou resumos, buscar outros documentos do autor, exportar citas a Refworks, etc. A consulta de libros electrónicos organízase por título, autor, ISBN e proveedor. Ademais dos libros electrónicos adquiridos para uso en liña, mediante paquetes editoriais a BUSC adquiriu monografías electrónicas, fundamentalmente en español, prestables e descargables para consulta offline, accesible a través dunha interface de préstamo que chamamos PreLo. Entre os libros accesibles vía PreLo os usuarios poden consultar, entre outras, monografías publicadas por profesores da Facultade de Veterinaria.

A biblioteca recibe como doazón de veterinarios retirados libros antigos editados entre finais do século XIX e mediados do XX. Por esta vía ingresou a colección do veterinario D. Juan Rof Codina, fundamental para coñecer a historia da medicina veterinaria na Galicia do seu tempo.

Publicacións periódicas

Así mesmo, na Biblioteca Intercentros atópanse centos de títulos de publicacións periódicas en formato impreso. A súa colección conta con 36 subscricións abertas de revistas de temática veterinaria específica. As revistas electrónicas consorciadas contrátanse coas editoriais máis importantes (Elsevier, Wiley, Oxford, etc.) o acceso é a través da pasarela Pórtico, (<http://sfx.bugalicia.org/san/az/>) das tres Universidades Galegas, que dá acceso a 1.699 títulos da materia agricultura. Como submaterias deste epígrafe de interese para os Graduados en Veterinaria figuran 132 títulos de revistas de medicina veterinaria, 104 de ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 11 de tecnoloxía do leite, 73 de cría animal e gandería, 197 de piscicultura e acuicultura, 86 de economía e política agraria, etc. O acceso a información relevante multiplícase se consideramos as revistas consorciadas doutras disciplinas como a microbioloxía, bioquímica, xenética, toxicoloxía, zooloxía, etc.

Accédese á consulta en liña utilizando como identificación o correo institucional. Fora do dominio da USC, a Biblioteca Universitaria dispón dun novo servizo EZproxy que garante o acceso aos recursos electrónicos a toda a comunidade universitaria. Este servizo é xestionado por BUGalicia para as tres universidades galegas e garante a privacidade nos datos de acceso e estatísticas de uso e resolve a dificultade do alumnado no acceso a moitos recursos ao estaren excluídos do servizo proxy anterior. Para o seu uso están configurados máis de 12000 títulos de revistas, máis de 51000 títulos de libros electrónicos e 42 bases de datos, todos eles accesibles a través de [reBUSCa](#) e [Pórtico](#). A Biblioteca Universitaria ofrece o servizo EZproxy para permitir o acceso remoto aos recursos electrónicos subscritos pola BUSC, e os subscritos a través do CISUG, para todos os membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS). Os recursos accesibles a través do EZproxy distínguense porque a súa URL comeza por ou contén “ezbusc” e non é necesario levar a cabo ningún tipo de configuración no dispositivo utilizado, sempre que se acceda dende [reBUSCa](#), [Pórtico](#) ou o [Catálogo Iacobus](#). A primeira vez que se preme nun destes enlaces, e ata que se peche ou caduque a sesión, o único que deben facer as persoas usuarias é introducir as súas credenciais da USC.

Bases de datos

Tamén é accesible a través da rede da USC a consulta das principais bases de datos de interese, entre as cales se pode citar: Web of Science, Agris, Scopus, Medline, SciFinder, Scholar, Farmacopea Española, Asfa-Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Greenfile, Earth, etc.

As procuras dan acceso a documentos (artigos científicos) directamente descargables —en pdf ou outros formatos- polos usuarios a través da rede da USC mediante conexión cableada ou WiFi Eduroam e empregando calquera plataforma: Windows, Mac, Linux, Android etc. A conexión ás bases de datos e a posibilidade dos membros da Universidade de solicitar a adquisición de libros, supón por outra banda unha garantía da actualización dos fondos. A información que non

é accesible desde a biblioteca universitaria e/ou o Consorcio BUGalicia, fornécese gratuitamente polo servizo de fotodocumentación da BUSC.

Outro acceso a documentación

Ademais de todo o sinalado, en moitos departamentos da Facultade de Veterinaria existen outras coleccións de libros, revistas, e material electrónico de diversa índole que pode ser consultada polos alumnos. Finalmente cabe resaltar que o acceso a Internet que ofrece a USC aos estudantes, pon ao alcance dos mesmos unha infinidade de recursos científicos gratuítos en constante crecemento, tanto en relación con publicacións periódicas como o acceso a libros electrónicos. A consulta das teses e outros traballos académicos facilítase desde o repositorio Minerva <https://minerva.usc.es/xmlui/?locale-attribute=gl>.

O número de recursos e o acceso aos mesmos, a conexión directa a bases de datos e a posibilidade de acceso a artigos científicos, o número de libros e o seu grao de actualización, fainos considerar que os recursos documentais son suficientes e están actualizados.

Recursos materiais e servizos

Os resultados de satisfacción dos estudantes cos recursos materiais e os servizos postos á súa disposición tenden a manterse ao mesmo nivel, e parece que o grao alcanzou un estado de estabilidade. Nos cursos 2019-20 e 2020-21 non dispoñemos de valoración debido ao confinamento.

Grao de satisfacción dos egresados cós servizos IN33G

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,67	4,2	3,71	3,77	-	-

Accións de mellora que se puideron levar a cabo no ano 2021 relacionadas cos recursos materiais:

- Substitución de parte da Iluminación antiga mediante paneis led nos corredores dos diferentes pavillóns e instalación de novas luces LED con sensor de iluminación en todos as escaleiras de emerxencia dos pavillóns, de acordo co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns do centro (FV-AM-13).
- Renovouse a pintura da aula Laboratorio Habilidades Clínicas (LHC) (FV-AM-14).
- As melloras e adquisición de elementos TIC para docencia, que incluíron: Aulas e despachos: 4 webcams, 5 ordenadores, discos duros para actualizar ordenadores de prácticas, 2 novos canóns de proxección led, instalación de cabreado HDMI ata canóns de proxección en las aulas. Auditorio: novo sistema de microfonía inalámbrica. Cámara GoPro que está a disposición do profesorado para realización de vídeos. Altavoces portátiles para a docencia en granxa. Aula informática: substitución de monitores de ordenador a formato 16:9 para favorecer a docencia (FV-AM-7).
- Dotouse de equipamento do laboratorio da granxa Campus Terra (4 microscopios e unha estufa) para poder impartir as prácticas na granxa docente neste curso académico.(GrV-AM-14).
- Para a promoción do uso do laboratorio de habilidades clínicas (LHC) incluíronse durante o segundo semestre os módulos de vendaxe, tallado e drenaxes, exploración rectal e inseminación artificial en vaca e egua, uso de placas bloqueadas na ortopedia, ecografía e análise de imáxenes DICOM. (GrV-AM-16).
- Adquiríronse 2 simuladores (fantomas) para a exploración ecográfica, previamente á utilización de animais. Estes simuladores permitirán aos estudantes adquirir habilidades na utilización do ecógrafo, tanto nos talleres de ecografía, que se realizarán nas sesións prácticas da materia, como posteriormente no laboratorio de habilidades clínicas. (GrV-AM-17).
- Adquisición dunha Cámara Dixital Zeiss Axiophot acoplable ao Fotomicroscopio Zeiss AxioCAM 208 COLOR, dispoñible na materia de Anatomía (GrV-AM-18).
- Ampliación de dúas das vitrinas situadas no corredor de acceso no Museo de Anatomía (GrV-AM-19).
- Adquiríronse 10 fotómetros móbiles (Photometrix), de uso individual, que permiten unha mellora notable na implementación dalgunhas prácticas de laboratorio (GrV-AM-28).
- Incorporáronse 10 pinzas de redución de fragmentos para a mellora do obradoiro de traumatoloxía avanzada en modelos (GrV-AM-29).
- Adquiríronse 3 lentes virtuais para ser empregadas co software 3D de visitas de matadoiros (GrV-AM-21).
- Colocáronse vinilos nas ventás da sala de disección que permite a impartición da docencia sen necesidade de baixar a persiana da sala e permite o aproveitamento da luz natural nas sesións de docencia práctica (GrV-AM-21).

As accións de mellora do centro (FV-AM) aparecen recollidas no Plan de Melloras do centro (2020-21) dispoñible en <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>

Substitucións e arranxos sobre as infraestruturas utilizadas polo grao

- Substitución dos motores e porta da cámara de frío de Anatomía
- Apertura de rexas de ventilación na Sala de caldeiras das aulas 1 e 2 para evita-la recirculación de virus a causa da COVID-19.
- Selado do metacrilato do teito entre as aulas 4 e 5, para corrixir goteiras.
- Tela asfáltica na baixante da aula 4.

- Instalación dun canlón novo de PVC no pavillón IV.
- Compra de novas mesas para ampliar a capacidade da aula NORVET.
- Substitución das cortinas vellas por estores e vinilos na Aula Informática 1.
- Arranxo da persiana metálica do forno crematorio.
- Substitución dun compresor da calefacción do Auditorio da Facultade de Veterinaria.
- Arranxo das cumieiras dos pavillóns III, IV e animalario.
- Impermeabilización das albardillas dos pavillóns II e IV.
- Arranxo dun baño no pavillón IV.
- Reparacións na fachada do Pavillón I para evitar a entrada de auga.

Accesibilidade universal e deseño para todos

A maior parte das instalacións da facultade contan cun deseño adaptado para todos, favorecendo o acceso universal, especialmente nas aulas, salas e laboratorios onde se imparte docencia teórica e práctica.

Seguridade e saúde

A facultade conta cun plan de autoprotección (https://www.usc.gal/gl/servizos/sprl/restrinxido/doc_restrinxida/Plans_de_autoproteccixn.html) elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos (<http://www.usc.es/sprl>). Este Servizo é o encargado de promover a saúde e seguridade da comunidade universitaria, para o que diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do persoal e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

O centro ten unha Comisión de Bioseguridade e Prevención de Riscos, que coordina, revisa e actualiza as normas de bioseguridade aplicadas nas dependencias onde se realizan actividades docentes, investigadoras e asistenciais ([Manual de Bioseguridade da Facultade de Veterinaria](#)).

O Servizo de Vixilancia da Saúde (<http://www.usc.es/es/servizos/sprl/svsaude/index.html>) dedicado á vixilancia e control da saúde dos traballadores, leva a cabo, entre outros, programas de prevención de enfermidades infectocontaxiosas e campañas de información e/ou vacinacións específicas (por exemplo, antitetánica en veterinaria).

Medio ambiente

A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Desde o ano 2011 funciona a Oficina de Desenvolvemento Sostible (https://www.usc.es/gl/info_xeral/responsable/desenvolvemento.html) que se encarga de impulsar o desenvolvemento de accións e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A aprobación no ano 2015 da Axenda 2030 (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/2015/09/la-asamblea-general-adopta-la-agenda-2030-para-el-desarrollo-sostenible/>) reforza a nova orientación do PDS.

Ademais, o Servizo de Participación e Integración Universitaria (<http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/>), dependente do Vicerreitorado de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social da USC.

Compromisos do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade

A Universidade de Santiago de Compostela elaborou un [Regulamento de Prácticas Académicas Externas](#) adaptado ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regula esta actividade dos estudantes universitarios, para o establecemento de convenios con empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional. O citado regulamento dá amparo a todos os convenios que a Facultade de Veterinaria estableceu con empresas e institucións de diferentes ámbitos e localizacións, imprescindibles para o desenvolvemento, tanto das Prácticas Tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias) como tamén das Prácticas Externas (prácticas externas curriculares optativas) do grao.

Co obxecto de dar un amparo normativo tanto ao profesorado como ás entidades colaboradoras nas que se realizan Prácticas Extra muros baixo a supervisión dun profesor (Prácticas de campo, prácticas clínicas e visitas activas), que son diferentes ás prácticas académicas externas, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do 16 de decembro de 2016 aprobou un modelo marco de "Acordo de adhesión para a autorización de actividades académicas en instalacións que non pertencen á USC".

En relación coa utilización de novas estruturas ou servizos externos á Universidade, cabe destacar que a Asemblea da Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE) celebrada o día 10 de xaneiro de 2014 ratificou un acordo da Conferencia de Decanos de Veterinaria nos seguintes termos:

Todas as Facultades de Veterinaria deben contar, á parte de cos recursos obrigados para impartir unha docencia universitaria de carácter experimental (aulas, aulas informáticas, laboratorios, sala de disección) entre outros, cos seguintes recursos que lle son propios:

- Un Hospital Clínico (e restantes Servizos Clínicos, preferentemente integrados na estrutura hospitalaria), no que se atenda a animais de compañía, équidos e animais de produción. Debe estar aberto 365 días ao ano e 24 horas ao día.
- Unha Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos de orixe animal.
- Unha Granxa de produción con fins docentes e de investigación con, polo menos, unha especie produtiva.
- O acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección. Neste sentido, as distintas administracións públicas deberán garantir a formación dos alumnos coa vinculación dos profesionais á Área de Coñecemento de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade.

Neste sentido a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela cumpre de forma moi satisfactoria con estas recomendacións grazas á determinación do propio Centro, ao compromiso da Universidade e á colaboración de numerosas institucións implicadas:

- A Facultade conta co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina cuxo obxectivo primordial se centra na colaboración coa docencia da Facultade, prestación de servizos e colaboración e fomento da investigación (<http://www.rofcodina.org/index.php/es/la-fundacion-rof-codina/el-hospital>).
- O Campus de Lugo, agora *Campus Terra*, é a sede da aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) pertencente á Universidade de Santiago de Compostela. Esta Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos situada a 500 metros da Facultade de Veterinaria é unha Plataforma Tecnolóxica Mixta da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, e serve de apoio á docencia (<https://aplta.es/>).
- A Facultade de Veterinaria desde a súa apertura en 1984 utiliza, con fins docentes e de investigación, a Granxa Experimental “Gayoso-Castro” (agora denominada Granxa Campus Terra) da Deputación Provincial de Lugo en base a un acordo de colaboración. No curso 2019/20 a citada granxa foi reestruturada para optimizar o seu uso como centro de prácticas docentes e investigación da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do *Campus Terra* (<https://granxacampusterra.gal/>).
- A Facultade de Veterinaria disporá dunha explotación experimental de cría de porco celta na finca Gayoso-Castro tras o acordo da Universidade de Santiago, a Deputación de Lugo e ASOPORCEL (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/usc-deputacion-lugo-asoporcel-impulsan-explotacion-experimental-cria-porco-celta-finca>). Mentres non se remata a construción desta explotación experimental, a USC firmou un convenio con ASOPORCEL para o uso das súas granxas de explotación na formación dos alumnos da Facultade de Veterinaria de Lugo.
- A Facultade mantén convenios coa *Consellería de Sanidade*, a *Consellería de Medio Rural*, a *Consellería do Mar* e a *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* da Xunta de Galicia, que contemplan o acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección nos seus diferentes ámbitos e laboratorios e institutos asociados, para a realización de Prácticas Tuteladas. Ademais, na actualidade dispónse de convenios con 37 matadoiros para a realización de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas. (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>). Neste ámbito é de particular importancia o convenio asinado co Matadoiro Novafriga do Grupo Coren no municipio de Lugo, un dos centros de procesado de vacún máis importantes de España, que permite a realización de prácticas reguladas correspondentes á materia obrigatoria Hixiene III: Inspección e Control da Carne e Produtos Cárnicos”. O convenio co Grupo Coren, ademais doutras oportunidades, tamén nos deu acceso para a realización de prácticas reguladas no Centro de Procesado Avícola de Santa Cruz de Arrabaldo en Ourense.

Orientación académica

A Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada aos alumnos en calquera momento do proceso formativo. Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinación do Grao
- Coordinación de semestre
- Coordinación de prácticas tuteladas
- Alumnos titores

Os servizos de orientación académica se recollen no Plan de Acción Titorial do centro, e aínda que os estudantes o utilizan en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro curso, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación. Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal ao que acoden tamén o profesor coordinador do primeiro semestre e os alumnos titores. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, consellos sobre matrícula, mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando neste caso especialmente a figura da profesora coordinadora do primeiro semestre e dos alumnos titores.

De cara ao curso seguinte propónse incluír unha visita ás instalacións da facultade e á Granxa Campus Terra. Ademais, detectouse un problema nas actividades de avaliación semestral relativo ao uso do material con dereitos de autor e propiedade intelectual entre o alumnado, polo que nun futuro suxírese que se dediquen uns minutos da sesión de benvida á concienciación sobre este tema.

Tamén no primeiro curso actualmente o centro aplica un protocolo de prevención do abandono con aqueles estudantes considerados en risco de abandono potencial (estudantes de 1º curso de nova matrícula que non superan ningunha materia do primeiro semestre, segundo listado remitido pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP)). Con estes estudantes lévase a cabo un protocolo de titorización, orientación e seguimento individualizado para avaliar e corrixir, na medida do posible, as causas potenciais do baixo rendemento académico. No que atinxe ao curso 2020-21, restableceuse o protocolo que no ano anterior, por causa do COVID, fora suspendido. Este protocolo de prevención presenta un problema importante que é o retraso co que se reciben os datos da ACPM, xa que adoita ser moi tarde no segundo semestre, polo que non hai tempo para implementar medidas de corrección da situación para cada estudante. Por este motivo sería recomendable instaurar un protocolo propio de detección de alumnos en risco de abandono, sen ter que esperar á comunicación centralizada destes datos.

Servizo de Orientación Profesional

Desde o curso 2014-15, o Centro organizou unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnos dos últimos cursos do Grao. Pero, ademais contamos tamén coa participación da responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo que lles informa sobre o modo de preparar un *Curriculum* ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC (<https://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>). No curso 20-21 iniciáronse as charlas “Apaixonad@s pola Veterinaria” nas que os membros do comité consultivo externo e outros veterinarios con dedicacións en diversos ámbitos presentan aos nosos estudantes diferentes alternativas de desenvolvemento profesional.

Servizos de atención ao estudante

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Desde a Unidade estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos estudantes, todo iso sen prexuízo, como así sucede, de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

A xestión académica na Universidade de Compostela está centralizada nas Unidades de Xestión Académica (UXA) das que hai unha en cada Campus; nelas realízanse todos os trámites relativos a documentación académica, expedición de certificacións, solicitudes de convalidacións e traslados, etc. Son responsabilidade dos Centros os trámites propios dos plans de estudos das titulacións que se ofertan. No caso do Grao de Veterinaria a organización das Prácticas Tuteladas e Externas, as actas dos Traballos Fin de Grao, o recoñecemento de cualificacións de alumnos propios nos programas de mobilidade.

Instalacións onde se realizan as Prácticas Tuteladas e Prácticas externas

As empresas e centros externos colaboran voluntariamente coa facultade sen que medie unha relación contractual que obrigue a realizar unha comprobación *in situ* das infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles nin dos servizos prestados; ademais, o seu elevado número e dispersión xeográfica fano totalmente inviable. En tanto, lévase a cabo un control da calidade grazas, fundamentalmente, ao labor da coordinación académica das prácticas tuteladas. Iso permítenos comprobar, entre outras cousas, que as instalacións e actividade destas institucións se adecúan aos requisitos para a consecución das competencias.

A valoración negativa dos centros onde os alumnos realizaron as prácticas externas, ben sexan expresadas de forma verbal ou incluídas nas propias memorias finais, permiten aos coordinadores recoñecer as deficiencias, comunicalas e contrastalas co centro de destino (contactando telefonicamente co coordinador profesional) e, se se comproba a motivación da queixa, dándoo de baixa da listaxe de centros ofertados pola Facultade.

Hai que resaltar que o grao de satisfacción dos alumnos que realizan prácticas tuteladas externas é moi elevado se nos atemos á súa valoración nos últimos anos, o cal é indicativo de que as empresas, profesionais e centros colaboradores contan cos medios materiais e humanos apropiados.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e cos criterios establecidos en Xunta de Facultade e, de ser o caso, devolve aos profesores a relación de correccións necesarias.

Nas reunións de valoración semestral revísanse, entre outros aspectos, a adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que son as Profesionais ou tamén chamadas “Competencias a día 1” (*Day-1 skills*), esixidas pola FVE. Ademais, os resultados da aprendizaxe que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de cara á revisión e mellora do plan de estudos. Moitas das modificacións relacionadas coa reorganización das horas dedicadas ás diferentes actividades formativas solicitadas, e xa aprobadas, no curso 2021-22 xurdiron das valoracións semestrais do 2020-21.

Dispoñemos dalgúns datos que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de verificación do título; a taxa de éxito (IN35G) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores promedio para a totalidade do grao por riba do 80%, no curso 2020-21 volvemos a ter valores similares aos cursos previos á pandemia. O curso pasado, excepcionalmente, tiñamos unha porcentaxe por riba do 95% cremos que debido á realización dos exames de forma telemática por mor da crise sanitaria e o confinamento causado pola COVID-19, este feito veremos como inflúe nalgúns dos indicadores que expoñeremos máis adiante:

IN35G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
1º curso	81,55	77,46	78,23	92,09	72,82
2º curso	82,48	83,58	83,09	98,90	81,67
3º curso	82,57	79,17	81,97	97,68	83,55
4º curso	80,75	83,04	82,31	95,43	81,92
5º curso	91,15	91,04	89,58	94,99	92,42
Total (%)	83,41	82,76	83,05	95,84	82,57

A taxa de éxito adoita ser máis baixa no primeiro curso, probablemente pola adaptación aos estudos universitarios dos novos estudantes. En xeral a taxa de éxito por materias varía, pero non mostra valores alarmantemente baixos para ningunha delas de forma continuada nos últimos cursos académicos. Destacar que no curso 2020-21 algunhas materias informaron nas reunións semestrais de taxas de éxito baixas con respecto a anos anteriores, como se observa tamén no INF17, para as que non atoparon explicación. É posible que a excepcionalidade do curso 2019-20 repercutise no nivel académico dos nosos estudantes e que lles dificultase afrontar novos coñecementos sen unha boa base inicial ou que a continuación da situación excepcional durante o 2020-21 afectase ao rendemento dos alumnos. Compre vixiar a

tendencia deste indicador nos seguintes anos académicos.

A taxa de rendimento (IN34G) seguiu un curso ascendente alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e dende o curso 2016-17 estabilizouse cun promedio para o grao próximo ao 79%. O curso pasado observamos un importante incremento que se atribuíu no informe anterior á adaptación académica á pandemia do COVID-19. Coa volta a valores pre-pandemia confírmase que a causa principal da elevación no 19-20 foron as circunstancias excepcionais dese curso:

IN34G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	78,94	77,69	78,51	93,38	78,06

Finalmente a taxa de avaliación (IN36G) ten promedios para a totalidade do título por encima do 90%, novamente o valor máis alto cun 97,43 % foi no curso 2019-20, e no 2020-21 temos unha porcentaxe igual que no curso 2018-19. Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios, e pese a estar lixeiramente aumentados pola cuestión anteriormente sinalada no curso pasado, sempre é maior do 90%:

IN36G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	94,64	93,88	94,53	97,43	94,54

O Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), regulado polo Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo outorga aos graos o Nivel 2. Sucede, con todo, que no noso sistema de educación superior existen determinados títulos de grao que, superando os 240 créditos ECTS esixidos con carácter xeral para este nivel de estudos, conteñen ademais unhas esixencias académicas, perseguen uns obxectivos e proporcionan uns resultados de aprendizaxe, que son os propios das titulacións de nivel 3.

É por iso que o apartado 10 do artigo 12 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, engadido polo Real Decreto 96/2014, de 14 de febreiro, previu que, os títulos de grao que por esixencias de normativa da Unión Europea sexan de polo menos 300 créditos ECTS e que comprendan un mínimo de 60 créditos que participen das características propias dos descritores correspondentes ao nivel de máster, poidan obter a adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES, previo o seu sometemento ao procedemento previsto na disposición adicional décimo cuarta do citado Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro.

En vista diso e de conformidade co dito procedemento, vista a solicitude presentada pola Universidade de Santiago de Compostela de adscrición ao nivel 3 (máster) do MECES do título de "Graduado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela", comprobado o cumprimento das condicións requiridas para alcanzar a referida adscrición, e recibido o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o Consello de Universidades, na súa sesión do día 18 de decembro de 2014, resolveu adscribir ao nivel 3 (máster) do MECES o título oficial de Graduado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela con data 22 de decembro de 2014.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INDICADORES DE DEMANDA

O Grao en Veterinaria goza dunha demanda moi grande dentro das titulacións do sistema Universitario Galego. As prazas ofertadas (IN01G) foron 110 desde o curso 2010-11 ata o curso 2020-21. O número de estudantes que finalmente accede como matrícula de novo ingreso superou todos os anos o número de prazas ofertadas (IN03G) oscilando entre un mínimo de 101 alumnos e un máximo de 127, concretamente 117 no curso 2020-21, lixeiramente superior ao curso anterior; aínda que a matrícula de novo ingreso por preinscrición no curso 2020-21 foi de 111 estudantes, próximo ao número de prazas.

Segundo os datos do Ministerio de Educación obtidos da páxina web "Qué estudiar y dónde en la universidad (QEDU)" o Grao en Veterinaria sitúase, entre todos os graos de Galicia, no posto 3 de 141 e como número 1 de 5 dentro do ámbito de Agricultura, Gandaría e Pesca, o cal é unha boa mostra da súa demanda. Dentro de España e no mesmo ámbito, ocupa o posto 8 dun total de 78 graos.

A porcentaxe de alumnos que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (IN07G) sempre foi do 100% nos últimos cinco anos. A nota media de acceso por preinscrición (IN06G) experimentou nos últimos cursos un ascenso alcanzando o 11,82 no curso 2020-21, o que dá boa mostra da consolidación e demanda do grao.

INDICADORES DE RESULTADOS

Polo que se refire á taxa de eficiencia, manexamos dous indicadores complementarios; o que fai referencia a datos da antiga licenciatura que chega ata o curso 2014-15 (IN39G) no que mostra un valor do 95,68%, e a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) que a partir do curso 2015-16 ofrece xa datos do actual Grao en Veterinaria (IN53G). Neste indicador aprecíase unha perda de case 5 puntos porcentuais entre o último curso da licenciatura e o primeiro do grao, con valores sucesivamente á baixa ata o curso 2019-20 (a pesar de apreciar un ascenso no curso 2018-19). Neste curso 2020-21 observamos un lixeiro aumento, por encima do 83% que esperamos poda confirmarse como un cambio de tendencia a medida que vaíamos recuperando a normalidade académica cara o que viña sendo habitual nestes estudos, e cuxa caída nos cursos iniciais posiblemente fora debida ao cambio do plan de estudos:

IN53G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	90,24	84,61	87,14	81,35	83,06

A taxa de graduación (IN37G) situouse no 70,93 % no curso 2020-21, subindo con respecto aos cursos anteriores, incluso con respecto ao curso 2019-20 no que a avaliación telemática dos contidos de diferentes materias do grao pensábase que podía repercutir no aumento, nos posteriores cursos debemos comprobar se este valor está condicionado pola situación excepcional que supuxo a adaptación docente á pandemia ou podemos considerar que recuperamos valores previos á instauración do grao. Ademais duplícase o obxectivo marcado na memoria do Grao, onde se establecía nun mínimo do 30%. Este valor sitúase xa por encima dos obtidos na antiga Licenciatura en Veterinaria, o cal dá mostra do razoable avance do grao e a efectividade da docencia impartida, posto que unha boa parte do profesorado e infraestruturas son as mesmas. Porén, é unha demanda de todas as Facultades de Veterinaria de España diante do Ministerio de Educación, a necesidade de contar con 30 ECTS adicionais aos 300 actuais, que permitirían desenvolver a formación práctica preprofesional do último semestre sen afectar ao resto do programa formativo nos 9 semestres anteriores; non hai dúbida de que a compresión á que hai que someter os contidos de tódalas materias por esta causa

afecta á progresión dos alumnos e por tanto aos valores que se desprenden deste indicador.

IN37G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	53,06	52,43	56,44	67,65	70,93

Na memoria de verificación do título estimábase que a taxa de abandono debería de estar por baixo do 15%. A análise deste indicador, tanto en relación á taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) con valores sempre ben por baixo dese mínimo, 8,43% no curso 2020-21, como a taxa de abandono segundo o RD 1393 (IN41G) cun valor no curso 2020-21 do 10,47 %, arrojan resultados que podemos cualificar como moi bos, dado que se considera que sempre vai existir un número mínimo de abandonos (e sitúanse por baixo da media tanto da USC, como da área de Ciencias da Saúde).

IN40G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	7,84	5,81	0,00	7,14	8,43

IN41G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	11,22	15,53	13,86	13,73	10,47

Finalmente hai que sinalar que a duración media dos estudos estimouse na memoria do Grao en 7,5 anos. Trala análise do correspondente indicador (IN38G) que parte dos 5,00 anos no curso 2014-15, destacar que foi subindo ata alcanzar case os 6 anos no 2017/18, descendeu no curso 2018-19 a 5,73 anos, o que apuntaba un posible cambio de tendencia positivo. No curso 2019-20 volveu a subir ata os 6,2 anos cremos que debido ao aumento do número de egresados no curso de avaliación telemática pola pandemia, que fixo que rematasen o grao estudantes que xa levaban máis anos matriculados. Así, no actual curso redúcese o número de anos a 6,06. Aínda que estes valores son claramente inferiores aos referidos na memoria, nos próximos anos debemos constatar que o indicador siga mostrando unha tendencia á baixa ou polo menos se establece no entorno deste curso:

IN38G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	5,64	5,96	5,73	6,20	6,06

Unha análise do sucedido noutros graos da USC mostra incrementos similares dun período de entre 0,2-0,5 anos entre un curso académico e o seguinte trala implantación dos novos plans de estudos. Volvemos indicar aquí, o que xa se dixo no comentario da taxa de gradación, referente ao necesario incremento dun semestre (30 ECTS): os valores do indicador IN38G poderían xustificar esta demanda.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia

A satisfacción do alumnado mantense a un nivel moi alto, con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por encima de 4 puntos sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto no curso 2018-19 con 4,28 puntos, no curso 2019-20 houbo un pequeno descenso, 4,09, cremos que relacionado coa docencia telemática e a difícil adaptación á situación xerada polo confinamento, como comprobamos no presente curso no que o grao de satisfacción volve a valores previos, sendo de 4,23 puntos (IN46G).

IN46G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	4,07	4,02	4,28	4,09	4,23

A pesar destes datos positivos, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, no curso 2018-19 é a máis baixa dos cursos referidos no indicador. A acción de mellora que se propuxo no 2016-17 precisamente para intentar aumentar a porcentaxe de participación, deu froito xa que no ano seguinte a taxa de resposta subiu do 25,26% ata o 31,85%. Afortunadamente tras o retroceso que tivemos no curso 2018-19, volvemos a apreciar unha importante subida no curso 2019-20, alcanzado a porcentaxe máis alta de resposta ás enquisas cun 33,23% que conseguimos manter no presente curso cunha porcentaxe de participación do 31.46%. Cabe destacar que as actividades

encamiñadas a fomentar o compromiso do alumnado coa calidade da titulación mediante a participación nas enquisas de satisfacción se realizaron tamén no curso 2020-21.

IN48G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total (%)	25,26	31,85	22,99	33,23	31,46

A satisfacción dos alumnos cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable e no presente curso temos unha puntuación de 4,25, similar á que temos na docencia do grao, estando entre os primeiros postos da USC.

En relación coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida, os resultados obtidos son tamén bos, mellorando desde o curso 2013-14 ata o 4,29 sobre un máximo de 5 puntos no curso 2018-19, no curso 2019-20 observamos un pequeno descenso, aínda con valores próximos os 4 puntos, que tamén cremos que poden estar relacionados coas dificultades que tivemos para poder realizar unha docencia telemática de calidade durante o período de confinamento pola COVID-19, a progresiva recuperación da normalidade académica no curso 2020-21 fixo que aumentase o grado de satisfacción ata os 4,05 puntos, tendencia que esperamos siga á alza cando recuperemos a plena normalidade (IN47G).

IN47G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,84	3,82	4,29	3,98	4,05

Satisfacción de egresados e outros grupos de interese

En relación cos egresados, o nivel de satisfacción xeral coa USC (IN42G) para o curso 2020-21 foi de 3,39 puntos, aínda que este ano non dispoñemos dos datos desagregados por títulos. Os últimos valores dos que se dispón son dos cursos 2017-18 (3,31) e 2018-19 (3,33).

A satisfacción doutros grupos de interese engloba como un colectivo de especial importancia aos titores profesionais en relación cos programas de prácticas externas. A satisfacción deste colectivo de titores externos sempre foi moi alta (IN20G), manténdose desde o curso 2014-15 por encima de 4 sobre 5 e alcanzándose no presente curso 2020-21 o valor máis alto con 4,53 puntos sobre 5, que pode considerarse un valor óptimo e que demostra que o gran esforzo realizado durante a pandemia para manter unhas prácticas externas de calidade foi ben apreciado. Non temos información do curso 2019-20 por verse afectadas as prácticas externas polas medidas sanitarias adoptadas en relación ao COVID-19.

IN20G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	4,09	4,30	4,40	-	4,53

A docencia depende deste persoal externo á Universidade para levar a bo termo o plan de estudos. No Grao en Veterinaria ademais procede de moi diversos ámbitos, xa sexa clínico, da produción animal ou da inspección e control alimentario. Deste xeito o mantemento dunha alta satisfacción é garantía do sostemento destes programas de prácticas, o cal é crítico e máis cando o número de estudantes é alto.

Pola contra, a satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (IN21G), aínda que se mantén en valores adecuados (4,14) sofre unha baixada con respecto a cursos anteriores, tal como se recolle no criterio 3 deste informe, apreciándose co ítem peor valorado é o referente a "comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais"

IN21G	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Total	3,86	4,52	4,76	-	4,14

Tendo en conta a diversidade de centros de destino, é recomendable ter información de primeira man dos titores profesionais que, no caso do Grao en Veterinaria, se recolle a través do contacto cos coordinadores das prácticas tuteladas, e que en xeral indica un alto grao de satisfacción co desempeño das actividades polos nosos alumnos. Aínda así, en próximos cursos aumentarase o contacto dos titores académicos cos titores profesionais, como se recolle no novo regulamento de prácticas tuteladas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

IN50G: Taxa de éxito dos egresados: 85,6% (curso 2020-21), 81,36% (curso 2019-20), 87,14% (curso 2018-19), 84,64% (curso 2017-18), 91,95% (curso 2016-17). Obsérvase como os valores volven a ser similares aos dous cursos previos á pandemia. O ano pasado observamos como tras a recuperación do curso 2018-19 que poñía fin a unha tendencia negativa inicial que considerábase normal xa que os valores dos primeiros anos estaban sobredimensionados posto que non teñen en conta ao total dos alumnos que comezaron os estudos, só aos que acabaron e que nos primeiros anos inclúen a menos alumnos repetidores que fan que baixe a media. No curso 2019-20 apreciamos unha baixada que novamente cremos que se debe a que remataron o grao un maior número de estudantes que xa levaban varios anos matriculados e que fixeron que empeorase tanto este indicador, que xa mellora neste curso. Polo tanto debemos vixiar nos sucesivos cursos académicos cal é a verdadeira tendencia e se temos que adoptar medidas para corrixir posibles tendencias negativas.

IN51G: Taxa de idoneidade na graduación: 47,67 (2020-21), 53,92% (curso 2019-20), 35,64 (curso 2018-19), 31,07 (curso 2017-18), 25,51 (2016-17). De forma sorprendente e positiva comprobamos como a taxa máis elevada, por riba do 50%, foi a do curso 2019-20, aínda que pensamos que as condicións académicas condicionadas pola COVID-19 que tivemos o curso pasado poden influír neste resultado, e vemos como no presente curso pese a que hai un pequeno descenso os valores seguen sendo moi superiores ós anos previos á pandemia e próximo ao 50%.

IN53G: Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados): 90,82% (2020-21), 81,35% (curso 2019-20), 87,14% (curso 2018-19), 84,61% (curso 2017-18), 90,24% (2016-17). Novamente observamos unha recuperación dos niveis con respecto aos primeiros cursos analizados, pese á baixada o curso 2019-20 posiblemente pola situación asociada á COVID-19, en futuros cursos debemos prestar atención a este indicador para poder valorar de forma correcta a súa tendencia.

Realmente non temos datos de estudos de inserción laboral dos nosos titulados, polo que non é posible extraer conclusións que permitan valorar a adecuación do plan de estudos coa potencial traxectoria laboral dos egresados, e polo tanto non podemos usalos como indicadores de cara a analizar aspectos susceptibles de mellora.

A posta en marcha dun Comité Consultivo de axentes externos, como órgano de asesoramento establecido no SGC pode ser unha vía para comezar esta prospección de cara a mellorar o éxito laboral dos nosos titulados. Os membros deste Comité Consultivo proveñen de distintos ámbitos do exercicio da profesión veterinaria e estase a desenvolver un proxecto de sesións divulgativas por parte destes profesionais para dar a coñecer aos grupos de interese o amplo rango de saídas profesionais desta titulación o cal pode fomentar a inserción laboral e o éxito profesional dos nosos egresados.

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>Reorganización das horas nas actividades formativas da ficha da materia Embrioloxía veterinaria</p>	<p>Iniciativa do Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias, responsable da impartición desta materia, que solicita un reaxuste das horas das actividades formativas que desenvolven (expositivas, interactivas, actividades non presenciais) para responder de forma máis axeitada ás necesidades formativas dos alumnos do Grao en Veterinaria.</p> <p>Estas modificacións non afectan a distribución entre horas de traballo presencial e horas de traballo persoal do estudante.</p> <p>Os cambios nas actividades formativas tanto de materias obrigatorias como optativas, seguindo a guía ACSUG, son modificacións non substanciais que se notifican no proceso de seguimento do título e actualízanse cando se teña que introducir una modificación substancial.</p> <p>Tal é o caso da modificación aquí proposta, na que se fai unha reorganización das horas das actividades formativas que desenvolven) para mellorar a súa docencia.</p>
<p>Reorganización das horas nas actividades formativas da ficha da materia Toxicoloxía veterinaria</p>	<p>Iniciativa do Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría, responsable da impartición desta materia, que solicita un reaxuste das horas das actividades formativas que desenvolven (expositivas, interactivas, titorias) para responder de forma máis axeitada ás necesidades formativas dos alumnos do Grao en Veterinaria.</p> <p>Estas modificacións si ben afectan a distribución entre horas de traballo presencial e horas de traballo persoal do estudante, mantéñense dentro dos límites establecidos na Memoria de Grao que indica que a presencialidade pode variar entre o 40-50%.</p> <p>Os cambios nas actividades formativas tanto de materias obrigatorias como optativas, seguindo a guía ACSUG, son modificacións non substanciais que se notifican no proceso de seguimento do título e actualízanse cando se teña que introducir una modificación substancial.</p> <p>Tal é o caso da modificación aquí proposta, na que se fai unha reorganización das horas das actividades formativas que desenvolven) para mellorar a súa docencia.</p>

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5 Actas CCC 2019-20 2020-21
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6 reconecementos Veterinaria 2020-2021
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502225_P.Ind_2020-2021
			2502225_INF.16_2020-2021
			2502225_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502225_P.Ind_2020-2021
			5070_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía	Web do Centro

		da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502225_P.Ind_2020-2021
			2502225_INF.04_2020-2021
			5070_INF.05_2020-2021
			2502225_INF.06_2020-2021
			2502225_INF.07_2020-2021
			2502225_INF.08_2020-2021
			2502225_INF.09_2020-2021
			5070_INF.10_2020-2021
			5070_INF.11_2020-2021
			2502225_INF.13_2020-2021
			2502225_INF.14_2020-2021
			5070_INF.21_2020-2021
			2502225_INF.22_2020-2021
			2502225_INF.23_2020-2021
2502225_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502225_P.Ind_2020-2021
			2502225_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502225_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5070_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5070_I6-I7_2020-2021

4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5070_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502225_INF.13_2020-2021
			2502225_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5070_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20 LISTAXE DE CONVENIOS (dispoñible para os estudantes na intranet do centro)
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	I11 Destinos Estancias clínicas 20-21
			I11 Destinos Estancias non clínicas 20-21
			I11 Destinos Prácticas Externas y Extracurriculares
5	E22	Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor e calificación)	E24 Listaxe de TFGs seg 20-21
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502225_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502225_P.Ind_2020-2021
			2502225_INF.17_2020-2021
			2502225_INF.18_2020-2021
			2502225_INF.19_2020-2021
			2502225_INF_SIU_2020-2021
			2502225_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502225_P.Ind_2020-2021

			2502225_INF.CiUG_2020-2021
			2502225_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502225_EIL-SIU_2020-2021 2502225_EIL-ACSUG_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2502225_P.Ind_2020-2021 2502225_Informe_de_indicadores_2020-2021 2502225_MedUSC_2020-2021

ACCION DE MELLORA	
Código	GrV-AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	O estudante organiza mellor a selección de materias e o traballo ao longo do semestre cando dispón de información suficientemente detallada nas programacións das materias.
Definición/ descripción proposta	Mellorar a uniformidade das programacións docentes das materias incluíndo nelas as actividades/traballos que se utilizarán para a avaliación en cada materia e a ponderación das distintas actividades (avaliación continua e probas finais).
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 01/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 11/06/2021
Responsables	Natalia Vilariño del Río
Comprobación Acción	GrV-AM-1
Descrición Comprobación	No momento de elaboración das programacións docentes polo profesorado das materias e os departamentos enviouse unha guía para mellorar a uniformidade das mesmas, a cal foi previamente aprobada en Xunta de Facultade (2 de abril de 2021). Unha vez elaboradas foron revisadas polos coordinadores de semestre para detectar se faltaba algunha información, especialmente no relativo aos elementos de avaliación e á ponderación das actividades de avaliación continua e probas finais. Tamén se comprobou a uniformidade de nomenclatura respecto aos horarios. As suxestións de modificación se comunicaron aos departamentos os cales fixeron os cambios oportunos. Máis do 95% das materias especifican na súa programación a ponderación da avaliación

	<p>continua e as probas finais e inclúen os elementos da avaliación continua.</p> <p>Evidencias: Programacións das materias na páxina web do centro. Guía de criterios para elaboración de criterios en fichero adjunto. (Arquivo: Criterios elaboracion de programaciones.pdf)</p>
Data Comprobación	01/07/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coincidencia de prazos de entrega de traballos en distintas materias, o cal supón para os estudantes unha sobrecarga en momentos específicos do curso.
Definición/ descrición proposta	Realización de reunións semestrais para coordinar os traballos e actividades de avaliación continua das materias do semestre.
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 01/01/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 02/12/2021
Responsables	Luis Ángel Quintela Arias
Comprobación Acción	GrV-AM-2

<p>Descrición Comprobación</p>	<p>En el mes de enero de 2021 se realizaron 4 reuniones de coordinación, una para cada semestre par. A estas reuniones asistieron los coordinadores de las materias del semestre, el coordinador del semestre y una parte del equipo de dirección del centro (Vicedecanos de Ordenación Académica y Calidad y Coordinadora del Título). En estas reuniones, las materias expusieron las actividades fuera de horario y se llegó a un acuerdo para que estas actividades no coincidieran en el tiempo.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>02/12/2021</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Sin incidencias</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>De cara al futuro, se tratará de elaborar un calendario en donde queden reflejadas estas actividades y que esté disponible para los alumnos. Así mismo, se invitará a los alumnos a participar en las reuniones.</p>

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
<p>Código</p>	<p>GrV-AM-3 (Curso 2020-2021)</p>
<p>Orixe</p>	<p>Propostas de Mellora</p>
<p>Ámbito de aplicación</p>	<p>Criterio 1 - Organización e desenvolvemento</p>
<p>Análise causa</p>	<p>Disparidade na nomenclatura usada nos horarios para grupos de actividades interactivas nas diferentes materias</p>
<p>Definición/ descrición proposta</p>	<p>Homoxeneización da nomenclatura utilizada nos horarios para referirse ás prácticas e aos grupos de estudantes nas actividades interactivas para todas as materias, asegurando tamén a uniformidade coas programacións docentes.</p>
<p>Datas</p>	<p>Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/02/2021</p>

Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 09/11/2021
Responsables	Luis Ángel Quintela Arias
Comprobación Acción	GrV-AM-3
Descrición Comprobación	Na Xunta de Facultade do 9/4/2021 apróbanse os criterios para elaborar as Programacións docentes, incluíndo unha guía para homoxeneizar a nomenclatura entre as programacións e os horarios. O 11/6/2021, en Xuntra de Facultade, apróbanse as Programacións docentes incluíndo os mencionados criterios. (Arquivo: Criterios programaciones 2021_22 (1).pdf)
Data Comprobación	09/11/2021
Incidencias	Algunha materia aínda non se adaptou totalmente os novos criterios.
Axustes/Novas Tarefas	Conseguir que todas as materias adopten os novos criterios no próximo curso. Mellorar a descrición dos criterios de avaliación, xa que nalgunhas materias non quedan claros e dan lugar a confusión e, incluso, reclamacións por parte dos alumnos.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Cómpre actualizar o regulamento de prácticas tuteladas para adaptalo á situación actual promovida pola pandemia que levou a facer modificacións que melloran o proceso e se manterán en cursos futuros.

Definición/ descripción proposta	Revisión do regulamento de prácticas tuteladas (externas curriculares).
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 02/12/2021
Responsables	Maribel Quiroga Berdeal
Comprobación Acción	GrV-AM-4
Descrición Comprobación	Actualizáronse os regulamentos das prácticas tuteladas. O traballo levouse a cabo por parte do comité de prácticas externas e aprobouse na xunta de facultade do 24 de setembro de 2021. Están dispoñibles na secretaría da facultade. (Arquivo: novos regulamentos prácticas tuteladas 2021.pdf)
Data Comprobación	29/11/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Sobrecarga de traballo administrativo en momentos concretos do ano asociado as prácticas tuteladas.
Definición/	Elaboración dun borrador de procedemento para as prácticas

descripción proposta	tuteladas que organice a carga de traballo administrativo nos semestres 10º e 11º.
Datas	Finalización: 30/09/2021; Inicio: 01/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 02/12/2021
Responsables	Gonzalo Fernández Rodríguez
Comprobación Acción	GrV-AM-5
Descrición Comprobación	Elaborouse un borrador do procedemento para mellorar a organización administrativa na xestión das prácticas tuteladas. Permitted mellorar o fluxo de traballo e a coordinación, pero precisa reaxustarse xa que foi elaborado previamente á modificación dos regulamentos e se está facendo un redeseño da estrutura organizativa.
Data Comprobación	01/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Esta acción de mellora péchase como non eficaz porque é preciso reaxustar o procedemento tendo en conta os novos regulamento e a necesidade de redeseño da estrutura organizativa.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-6 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aínda que xa existe unha ferramenta para a cualificación por

	parte dos titores profesionais do desempeño da actividade realizada polo estudante, débese evitar a heteroxeneidade de criterios proporcionando unhas directrices máis detalladas.
Definición/ descrición proposta	Rúbrica para os titores profesionais das materias de estancias clínicas e non clínicas. Elaborarase unha rúbrica sinxela e fácil de usar, na que se detallen niveis de cualificación definidos para uniformizar criterios entre os distintos profesionais.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 03/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 30/12/2021
Responsables	Maribel Quiroga Berdeal
Comprobación Acción	GrV-AM-6
Descrición Comprobación	Elaborouse una rúbrica sinxela para facilitar a labor dos titores profesionais dacordo aos items que figura na programación docente deste curso. (Arquivo: Proposta rubrica titor profesional(2).odt)
Data Comprobación	30/12/2021
Incidencias	Na realización deste traballo viuse necesario facer unha nova proposta de avaliación para o vindeiro curso facendo un desglose da anterior, baseándose nunha escala Likert clásica, a efectos de que o titor amose o seu grao de acordo sobre cada un dos ítems a valorar, en relación á actividade desenvolvida pola estudiantado durante a súa Estancia.
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCION DE MELLORA

Código	GrV-AM-7 (Curso 2020-2021)
---------------	--

Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Dificultade dos estudantes para identificar os destinos da súa preferencia na listaxe de centros cos que existen convenios para realización de prácticas tuteladas externas.
Definición/ descrición proposta	Mellorar a visibilidade na web do centro e no Campus Virtual das distintas empresas, centros colaboradores e institucións, incluíndo a actividade que desempeñan ou temática e a especie/s animais coas que se traballa.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 03/05/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/10/2021
Responsables	Gonzalo Fernández Rodríguez
Comprobación Acción	GrV-AM-7
Descrición Comprobación	Esta dispoñible na intranet da facultade no apartado de documentación de prácticas tuteladas (Arquivo: CONVENIOS ACTUALIZADOS.pdf)
Data Comprobación	08/10/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCION DE MELLORA

Código	GrV-AM-8 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento

Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Dificultades na organización do traballo por parte do estudante no semestre no que cursa as prácticas tuteladas externas.
Definición/ descripción proposta	Organización de prácticas tuteladas (materias de Rotatorio, Estancias Clínicas e Estancias Non Clínicas) en horarios dispoñibles para os semestres 10º e 11º, de xeito similar aos demais semestres.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 01/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/11/2021
Responsables	Maribel Quiroga Berdeal
Comprobación Acción	GrV-AM-8
Descrición Comprobación	Os grupos de prácticas das dúas quendas do Rotatorio Clínico Hospitalario do curso 2021-2022 aprobáronse en Xunta de Facultade do 9 de abril xunto cos horarios do resto do grao. Ademais mellorouse a coordinación dos calendarios das materias tuteladas, adiantando as datas de elección na segunda quenda para que os estudantes poideran dispoñer da información necesaria con antelación para planificar as súas estancias. Aproveitouse para facer a reunión informativa conxunta para explicar o desenvolvemento das prácticas tuteladas e TFG o día 15 de setembro. Preparouse unha presentación resumo que se colgou na Web da facultade e nas aulas virtuais das materias: Rotatorio Clínico Hospitalario, Estancias Clínicas e Estancias no Clínicas e na administración
Data Comprobación	29/11/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Está previsto que para o curso 2022/2023 os calendarios das tres materias se aproben de maneira conxunta cos horarios das demais materias de grao para ambas quendas. No caso

	concreto do Rotatorio Clínico Hospitalario figurarán as actividades de cada rotación no calendario aprobado.
--	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-9 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A adaptación continua aos cambios impostos polas novas necesidades de formación dos nosos estudantes require periodicamente unha revisión da coordinación de contidos e competencias para garantir a competitividade dos nosos egresados.
Definición/ descripción proposta	Iniciar unha optimización da coordinación de contidos impartidos en materias relacionadas. Definir o procedemento para fomentar a coordinación de materias, establecer que materias teñen contidos relacionados e promover reunións entre elas. Constituiranse os primeiros grupos de traballo para iniciar a coordinación de contidos e competencias entre materias.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 01/04/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 30/12/2021
Responsables	Natalia Vilariño del Río
Comprobación Acción	GrV-AM-9
Descrición Comprobación	Constituiuse un equipo de traballo formado polo decano e a coordinadora de grado que se entrevistou cos coordinadores das asignaturas do Grao en Veterinaria para establecer as

	<p>relacións de contidos das distintas materias, tanto para detectar posibles solapamentos, como principalmente para determinar a conexión vertical de contidos que asegure que os coñecementos previos necesarios ao avanzar na titulación se impartiron. A finais do ano 2021 tiñanse levado a cabo o 80% das entrevistas con coordinadores de materias. Este labor continuarase durante o ano 2022. Una vez finalizado estableceranse grupos de traballo de materias relacionadas co fin de coordinar contidos e competencias.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>29/12/2021</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Estabeceuse un programa de realización de entrevistas no que se reservaba unha mañá á semana para este labor. A realización das entrevistas require unha cantidade importante de tempo, e debido a outras obrigas que xurdiron neste periodo, houbo que cancelar varias sesións e foi imposible reprogramalas.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Continuarase co traballo no ano 2022. Espérase que as entrevistas estean rematadas en marzo. A partir dese momento constituiranse os grupos de traballo en función da información proporcionada polos coordinadores das materias.</p>

ACCION DE MELLORA	
<p>Código</p>	<p>GrV-AM-10 (Curso 2020-2021)</p>
<p>Orixe</p>	<p>Informe de Seguimento</p>
<p>Ámbito de aplicación</p>	<p>Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade</p>
<p>Análise causa</p>	<p>A realización durante os anos anteriores de reunións de valoración semestral non está recollida no manual de procedementos do sistema de garantía de calidade e son unha ferramenta fundamental para a mellora do noso título.</p>

	A acción de mellora GrV-AM-4 do curso 2019-20 consistía na inclusión destas reunións de valoración semestral no Manual de procesos do centro, pero non foi levada a cabo debido á situación motivada pola COVID-19, quedando posposta para a vindeira anualidade.
Definición/ descrición proposta	Inclusión das reunións de valoración de semestre no sistema de garantía de calidade do centro. Defínirase a participación e labor no seguimento do título de Grao en Veterinaria e a evidencia que figurará no sistema. As reunións son organizadas polos coordinadores de semestre a instancias do Vicedecano de Ordenación Académica, e participan os coordinadores/representantes das materias do semestre, os representantes de estudantes e o coordinador/a do grao.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 01/02/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 29/12/2021
Responsables	Margarita Rico Gómez
Comprobación Acción	GrV-AM-10
Descrición Comprobación	<p>As reunións de valoración de semestre quedan incluídas no proceso PS-04. "Satisfacción, expectativas e necesidades". O informe elaborado a partir destas reunións quedará depositado na AASX e será analizado pola Comisión de Título, pasando a formar parte dos informes empregados no proceso PC-05.</p> <p>"Análise de resultados e mellora dos programas"</p> <p>A proposta de modificación do proceso PS-04. "Satisfacción, expectativas e necesidades" no que quedarían incluídas estas reunións de valoración semestral, foi elaborada e aprobada pola Comisión de Calidade o 29/10/2021, revisada pola ACMP e aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 20/12/2021. Queda pendente só o último paso do proceso para a súa entrada en vigor (PS-05), que sería a súa aprobación por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (CCPdCG). (Arquivo: Proposta</p>

	Modificación PS-04 Manual de procesos da Facultade de Veterinaria_CCPdCG .pdf)
Data Comprobación	29/12/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-11 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aínda que xa existe unha ferramenta para a cualificación por parte dos tribunais do TFG, a necesidade de ter varios tribunais actuando ao mesmo tempo obriga a garantir a homoxeneidade de criterios proporcionando unhas directrices máis detalladas.
Definición/ descrición proposta	Primeira fase de adaptación da ferramenta actual de cualificación a unha rúbrica para os tribunais do TFG. Elaborarase unha rúbrica sinxela e fácil de usar, na que se detallan niveis de cualificación definidos que uniformicen criterios entre os distintos tribunais e se adapte ás directrices xa establecidas no curso 20-21 para elaboración e cualificación do TFG.
Datas	Finalización: 01/02/2021; Inicio: 01/01/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 09/11/2021
Responsables	Luis Ángel Quintela Arias
Comprobación	GrV-AM-11

Acción	
Descrición Comprobación	Nesta primeira fase elaborouse unha rúbrica tendo en conta os apartados a valorar xa aprobados. (Arquivo: RUBRICA TFG FACULTAD DE VETERINARIA 20_21.docx)
Data Comprobación	09/11/2021
Incidencias	O funcionamento foi correcto e cremos que axudou a uniformizar as avaliacións entre os diferentes tribunais.
Axustes/Novas Tarefas	Nunha segunda fase elaborárase unha rubrica máis detallada no que se refire a apartados a valorar.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-12 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	As prácticas realizadas na materia Rotatorio Clínico Hospitalario teñen características singulares como prácticas tuteladas externas obrigatorias, con diferencias significativas fronte a outras prácticas externas.
Definición/ descrición proposta	Realización de enquisas de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario adaptadas ás características das mesmas e á obtención de información específica necesaria para a mellora do grao.
Datas	Finalización: 30/12/2021; Inicio: 04/01/2021
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 30/12/2021
Responsables	Gonzalo Fernández Rodríguez

Comprobación Acción	GrV-AM-12
Descrición Comprobación	O Rotatorio Clínico Hospitalario foi sometido a unha importante reestruturación motivada pola avaliación da EAEVE. As necesidades docentes xeradas polo incremento de docencia retrasou o novo diseño e a súa implementación. Polo tanto non procedía facer unha enquisa cando a materia estaba a piques de cambiar. Elaborouse un borrador da enquisa por parte do profesorado de dita materia tendo en conta a nova organización docente da materia e será revisada na próxima comisión de titulación. (Arquivo: ENCUESTA SATISFACCION ROTATORIO(2).docx)
Data Comprobación	30/12/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	GrV-AM-13 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Número reducido de alumnos titores
